

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 17 XANEIRO/FEBREIRO 2004



XACOBEO 2004
Galicia



nova economía
a publicidade aparente

prediccions para 2004
¿máis virus, máis espías, máis emprego?

conversión texto-voz
a vida máis cómoda


o rincón do hacker
cañonazo ós piratas da TV dixital

**Os escolares
teñen a palabra**
novo portal electrónico de Educación



SOFTGAL

consultoría
integración de sistemas
software factory
infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes

Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)
Fernando Sarasquete
(sarasketa@mixmail.com)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Antonio Fernández (Linux)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
Mariano Grueiro (Mac)
David Lombardía (Nova
Economía)
Sevi Martínez (Xogos)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Ramón Puente (Opinión)
Víctor Salgado (Dereito)

Colaboraron neste número:

Gabriel Ferraté, David
Lombardía, Francisco J. Díaz,
Xana García, Paula Carballo,
Pablo Grandío, Isidro Cea,
Manuel Gago, Fernando Bouzas,
Emiliano Gómez e Carlos
Lozano.

Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús
Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Jofarpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Polig. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 17 (PREZO: 1€) Xaneiro/Febreiro 2004

Publicación periódica
Tirada: 15.000 exemplares
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



Reiniciamos o contacto cos nosos lectores e facémolo cun tema que nos últimos tempos preocupa á Sociedade: a aplicación de novas tecnoloxías o ensino. A Consellería de Educación puxo en marcha recentemente un portal electrónico coa pretensión de darlle novos pulos á comunidade escolar. No punto de mira un obxectivo: que Internet acuda para dar o mellor de si mesmo no fomento da comunicación, o espírito crítico e a creatividade.

En Código Cero quixemos coñecer un pouco máis sobre esta iniciativa que pretende ser algo máis cun portal. Para iso que mellor que falar co responsable último do mesmo, o Conselleiro de Educación Celso Currás Fernández, quen nos expresou o seu desexo de lograr que os rapaces galegos usen a rede como plataforma ideal de estudio.

A nosa revista entra no seu terceiro ano e faino con novos pulos e a pretensión de seguir a ser un vehículo que permita dar a coñecer a realidade do noso país no eido da

Sociedade da Información. Estamos a preparar novidades importantes que creemos agradarán os lectores e que se materializarán nos próximos números e dos que lles iremos informando puntualmente.

Co apoio do noso portal www.codigocero.com, creemos que configuramos xa un punto de referencia obrigado no eido da información tecnolóxica en Galicia. Máis de mil visitas diarias e uns oitocentos suscriptores o noso boletín gratuito, fan do diario dixital fonte obrigada para estar o

día da actualidade de I+D. E todo elo en galego situándonos no posto 37 dos sitios galegos máis vistos da Internet.

Coma sempre nesta edición incluímos un amplo abano de artigos, reportaxes e seccións que non dubidamos agradarán os lectores. A todos eles o igual que as empresas, organismos e institucións que nos apoian e fan posible a gratuidade da revista, o noso agradecemento. Ata o próximo número vémonos a diario en www.codigocero.com

firma invitada

Enseñar a aprender

Gabriel Ferraté, rector da Univeritat Oberta de Catalunya **4**

novas

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

reportaxes

Desenvolven un sistema para escoitar as mensaxes escritas que podería ser unha alternativa ó braille **10**

Prediccións tecnolóxicas para 2004 **11**

Jaime Arregui (Interacción): "En este país no debemos tener complejos para abordar mercados" **12**

A Deputación de Pontevedra adheriuse ó Proxecto Pista, un plan para desenvolver a teledministración nos concellos **13**

Edu.xunta.es ou como traballar polo diálogo nas escolas fóra das escolas... na Rede **15**

Celso Currás: "Na educación, hai conceptos que se ven moito mellor nunha pantalla ca nun libro" **16**

As televisións nacionais só se centran no negativo de Internet, segundo un estudio da empresa Accesogroup **18**

Unha empresa ferrolá deseña unha ferramenta para optimizar o uso das novas tecnoloxías na xestión dos concellos **22**

Galnix: nove meses a pleno rendemento e 116 terabytes intercambiados **23**

Powerline Communications: ¿promesas na bandexa de saída? **25**

nova economía

Los ingresos de las webs de éxito no siempre llegan por donde se espera **19**

Caixa Galicia: Utilidades en la elección de la mejor hipoteca on-line. **20**

e-comercio

Empresarias de Pontevedra buscan solucións nas TIC para o comercio minorista **21**

opinión

Gravadoras DVD **26**

Navegacións cotiáns: Vacas sagradas **26**

barlovento

Conversión de texto a voz **27**

O poder da palabra **27**

o rincón do hacker

D+ por Hispasat mueve ficha: Cañonazo contra los piratas **28**

pc práctico

COMETA 1.0 Software de protección de menores para controlar as

situacións indebidas e o acceso ós contidos de Internet **29**

xogos

Prince of Persia: As Areas do Tempo **30**



Enseñar a aprender

Vivimos en la Sociedad del Conocimiento. La información y el conocimiento son la nueva fuerza que mueve nuestro mundo y son ahora tan esenciales como lo fueron en su momento factores tradicionales tales como la tierra, el trabajo y el capital. En este contexto la generación, transmisión y adquisición de conocimientos adquiere una dimensión y una relevancia estratégicas. Tradicionalmente, las instituciones educativas –la Universidad en particular– han sido las encargadas de asumir la labor de difusión y extensión del saber. La irrupción de la sociedad del conocimiento –y de las tecnologías de la información como vehículo privilegiado para su transmisión– está modificando substancialmente el esquema de los procesos educativos tradicionales, basados no tanto en aprender como en enseñar.

La llamada Sociedad del Conocimiento tiene unas necesidades de formación que muchas de las instituciones educativas de antaño ya no están en condiciones de satisfacer plenamente. Los ciudadanos demandan instituciones educativas flexibles y sistemas formativos innovadores y de calidad, para poder ejercer eficazmente como miembros de un colectivo en el que el conocimiento y la preparación son la base esencial para afrontar los constantes procesos de cambio a los que están sometidos. El aprendizaje hacia el que nos encaminamos –permanente y en red– va mucho más allá del simple uso de la tecnología, si ésta se concibe meramente para darle un toque de modernidad a algo que no ha cambiado y sigue siendo en esencia lo que siempre fue. Aprender en red implica dotar a las personas de nuevas habilidades que las capaciten para poder vivir un constante aprender, desaprender y reaprender.

La nueva sociedad se desenvuelve en un contexto global. Facilitar el acceso al conocimiento para cualquiera que sea, desde cualquier lugar y en cualquier momento, debe ser característica esencial. Este planteamiento adquiere mayor relevancia si cabe si lo asociamos a la obsolescencia a corto plazo de la mayoría de los conocimientos adquiridos. De ahí la importancia de aprender a desaprender y a reaprender, y de disponer de sistemas de formación que permitan que el acceso al proceso de aprendizaje se haga según nuestros propios intereses y al ritmo que cada cual desee o requiera.

Si bien las tecnologías de la información y la comunicación permiten concebir nuevos modelos de enseñanza, no debemos caer en el error de considerar a la tecnología como un objetivo en sí misma. El objetivo no es el canal, la herramienta o el medio ¡el objetivo es la función! Es ésta la que da sentido a lo que pretendemos hacer: formar y hacer que se aprenda. Es

un modelo que, superando barreras de tiempo y espacio, ha de permitir replantearnos el proceso mismo mediante un aprendizaje interactivo y personalizado.

Nos enfrentamos de hecho a retos diversos. Debemos preparar para la Sociedad del Conocimiento, es decir en la capacidad de adaptación a un entorno fluido y en evolución permanente. Se trata de ayudar a abrir la mente de personas y organizaciones, flexibilizando certidumbres y haciéndonos inmunes a la sensación de desasosiego que nos pueden provocar la evolución y los cambios constantes de nuestro entorno. Debemos educar *para* la sociedad del conocimiento y *mediante* ella. “El medio es el mensaje” dijo McLuhan. “La red es el mensaje” afirma ahora el Profesor Manuel Castells, describiendo lo que él denomina “la Galaxia Internet”. El futuro pasa por lograr centros de formación y universidades que trabajen utilizando la red y en red; con “metacampus” virtuales en los que estudiantes y profesores de diversas instituciones utilizan el vehículo de la tecnología y acceden globalmente a las redes de conocimiento, desarrollando nuevas aptitudes y actitudes para relacionarse, cooperar y aprender.

La nueva sociedad se desenvuelve en un contexto global. Facilitar el acceso al conocimiento para cualquiera que sea, desde cualquier lugar y en cualquier momento, debe ser característica esencial

Debemos enfrentarnos también al reto de la formación a lo largo de la vida, reto que lo es tanto o más para las instituciones que para las personas. Así, para alcanzar los diversos objetivos enunciados, la universidad debe adaptar su organización y estructura al nuevo entorno y a las nuevas funciones que se esperan de ella. No se puede educar *para* y *mediante* la sociedad del conocimiento con modelos organizativos del pasado. Las universidades deben evolucionar. Tienen que flexibilizarse, promover la movilidad, y reconocer titulaciones, materias o habilidades cursadas o adquiridas en otros ámbitos u otras instituciones. Las universidades deben formar para la competitividad y ser capaces de captar estudiantes y profesores de cualquier lugar del mundo y, sobre todo, deben ser un sistema a la medida de las personas. De las personas que aprenden.

Para todo ello hay que tomar conciencia de que el centro del sistema educativo somos realmente nosotros mismos y que debemos avanzar hacia un contexto que estimule dos actitudes básicas: aprender a lo largo de la vida, y aprender en red. Será también imprescindible que asumamos plenamente que, en último término, somos nosotros mismos los responsables de nuestra formación. Un nuevo paradigma en el ámbito de la formación, el *aprendizaje*, debe superar el concepto tradicional de *enseñanza*. Ello no es óbice para que no se precisen, como siempre, excelentes profesores..., pero eso sí, con un cambio mental de “chip” sobre su cometido: ¡enseñar a aprender!





A web de Caixa Galicia superou por vez primeira o medio millón de visitas mensuais

O sitio web da entidade financeira galega superou xa no pasado mes de decembro, por primeira ocasión, a cifra do medio millón de visitas mensuais (515.593). Todo isto, unido ós datos xerais, arroxa un crecemento anual de visitas do 126% con respecto ó de 2002. Relembrar que o portal de Caixa Galicia foi creado en 1996 (en 2002 sufriu un proceso de reestructuración) e que, dende esa data, viñéronse reforzando aspectos como a continua renovación, o deseño, os servizos ou as utilidades da web xoven NetClub, que foi posta a disposición dos clientes recentemente. O sitio web www.caixagalicia.es fai as funcións de escenario de contratación e operación de tódolos produtos e servizos xestionados mediante o uso da Rede. Ó longo do ano pasado, os clientes de On Caixa Galicia abriron 2.853 contas e depósitos por Internet, e se tramitaron 1.606 préstamos.



O Centro Multimedia de Galicia promociona na rede o Camiño

Zoraida Mojón Méndez, Luis Bustelo e Sebastián Hernández, das aulas multimedia de Ourense, Pontevedra e A Estrada, respectivamente, son os gañadores do concurso 'Taller de Internet', organizado polo Centro Multimedia de Galicia. Esta entidade comezou un novo curso sobre "Creación de sitios web", que se desenvolverá a través de módulos de freehand, flash, dreamweaver, fireworks, guión multimedia e linguaxe visual. A entrega dos premios foron transmitidos en directo por videoconferencia á rede de aulas multimedia de Galicia a través da páxina web dos Centros. Os galardóns foron entregados Ignacio José Otero López, director xeral de Comunicación e Audiovisual da Xunta de Galicia. O director xeral de Comunicación e Audiovisual, Ignacio Otero, fixo entrega dos premios do 'Taller de Internet', que se emitiu a través de videoconferencia á rede de aulas multimedia de Galicia e que foi seguido por 123 alumnos. Esta iniciativa tivo como obxectivos utilizar de forma práctica as distintas ferramentas que proporciona internet, establecendo lazos de relación e comunicación de favorezan a aprendizaxe entre os alumnos. O premio consistiu nunha cámara de fotos dixital e un lápiz de memoria de ordenador de 128 megas para cada un dos compoñentes do equipo gañador. NOVO TALLER Con este acto tamén se deu comezo ó 'Taller de creación de sitios web', organizado polo Centro Multimedia de Galicia e distribuído polas 12 aulas multimedia abertas na Comunidade galega. Este taller está estruturado en dúas partes: unha primeira, consistente en charlas sobre temas relacionados co sector audiovisual e multimedida, e unha serie de módulos sobre Freehand, Flash, Dreamweaver, Fireworks, Guión Multimedia e Linguaxe Visual. O taller comezou hoxe un curso sobre 'Guión Multimedia', ó que seguirán outros ata finais de mes sobre 'Aloxamento de páxinas web', 'Linguaxe audiovisual', 'Tendencias a nivel do deseño' e 'Dreamweaver'.



Xeise constitúe unha listaxe de software en galego

Xeise é unha iniciativa desenvolvida na Internet, e inspirada na sección galega do Freeware World Team (na que xa hai 220 programas), que pretende chegar ós seus visitantes unha listaxe con programas informáticos dispoñibles en lingua galega, clasificados por categorías. Con respecto ás sección galega do FWT, Xeise non está só limitada a produtos de balde, senón que tamén inclúe programas shareware e comerciais e, aínda que non pretende ser unha listaxe actualizada constantemente, si quere ser un punto de referencia para os internautas galegos constituíndo así a meirande relación de programas traducidos ó galego (ou desenvolvidos directamente na nosa lingua) que haxa na Internet.



Deseñan un sistema de conexión á Rede 1.000 superior en velocidade ó ADSL

Os centros de investigación de nanotecnoloxía afiázanse como unha factoría de recursos. Tal é o caso do sistema artellado polo Centro de Tecnoloxía nanoFotónica da Universidade Politécnica de Valencia: un dispositivo de transmisión por fibra óptica que posibilita a conexión a Internet 1.000 veces superior á máxima que poden ofrecer as liñas ADSL e 100 veces mellor cá das redes inarámicas Wi-Fi. Esta aplicación (chamada Gandalf na súa presentación como proxecto europeo) non aporta novidades no eido científico _existen dende hai tempo conexións de gran velocidade entre centros tecnolóxicos_ si que ten moito que proporcionar ó eido doméstico, que é a onde parece estar primordialmente dirixida. A velocidade de acceso é de 1 gigabit por segundo, o que abriría un eido amplo de vantaxes, sobre todo no que se refire á baixada de ficheiros con calidade superior á normal ou ó aumento de usuarios que se poidan conectar á Rede nun único punto. Os seus creadores, que están estes días atarefados coas demostracións, aseguran que con este sistema non ocorrería nada en caso de caída de rede: a conexión é permanente, xa que a dualidade cable/radio o posibilita. En todos os foros onde xa se está a falar desta ferramenta xurde de xeito inevitable a mesma pregunta: "¿Canto custa este tipo de conexión?" Polo de agora non hai resposta..

O Goberno ofrécelle á comunidade científica o acceso libre á Web of Knowledge

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía puxo a disposición da comunidade científica en xeral o acceso completo á *Web of Knowledge*, unha plataforma informática que contén as referencias das publicacións internacionais de tódalas áreas do coñecemento vencellado ó devandito colectivo dende o ano 1945. Trátase, segundo manifestou o goberno, dunha ferramenta de utilidade para os investigadores, tanto para consultas como para a avaliación e o estudo das actividades de investigación nos diferentes eidos da ciencia. A información está recollida en nove bases de datos. O Ministerio ofrécelle o acceso libre e gratuíto a esta web a máis de 500 universidades, centros de investigación e tecnolóxicos e unidades de investigación de hospitais.

O compostelán pub Dado-Dadá transmitirá os seus concertos a través da rede

O popular *Dado-Dadá* de Santiago é un dos pubs de referencia do Ensanche cunha programación cultural estable. Polo escenario do mesmo pasaron grandes figuras da música e do teatro, incluído o saxofonista Pedro Iturralde, que elixiu o local compostelán para gravar o seu último traballo discográfico, *Etnofonías*.



Este pub, que leva 24 anos de funcionamento, inicia hoxe unha nova etapa consistente na transmisión en vivo e en directo a través de Internet da jam session que se celebra no *Dado-Dadá* cada martes. O acceso en tempo real realizase a través da páxina web do pub.

My Doom: un novo virus con facilidade para propagarse dende contas de correo de toda Galicia

Hai virus que se fan especialmente perigosos sobre todo porque non son doados de recoñecer. É o caso do *My Doom*, este novo convidado que *pega* na porta de atrás dos ordenadores cunha insistencia inusitada. Malia que na meirande parte dos casos este tipo de problemas son identificables, neste caso o virus se distribúe dende enderezos que non moven á sospeita, xa que proveñen de empresas sobradamente coñecidas. No caso da redacción de Código Cero recibíronse ata sete correos deste tipo dende varios medios de comunicación galegos, incluíndo os nomes concretos dos xornalistas que aí traballan. O *My Doom*, chega ás bandexas de entrada dos usuarios con encabezamentos como *Test* ou *Mail Delivery System* ou *Mail Transaction Failed*. O corpo do texto inclúe en inglés a seguinte información: "Esta mensaxe contén caracteres de tipo Unicode e xa se enviou como un arquivo binario". La Voz de Galicia informa hoxe de que Vincent Gullotto, vicepresidente de seguridade de Network Associates, recoñeceu que a súa compañía recibiu nunha hora preto de 20.000 correos con este virus. Este, presumiblemente, instálase no ordenador do usuario dende onde se inicia a distribución do mesmo sen o coñecemento da vítima. O *My Doom* vense a sumar o *Mimail.Q*, que tamén reviste certa perigosidade.

Clinton só mandou 2 e-mails durante o seu mandato

Durante os 8 anos de presidencia de Bill Clinton, o ex-presidente dos EE.UU. só escribiu 2 mensaxes de correo electrónico, 1 das mesmas como proba (para determinar se Clinton sabía qué tecla había que premer para enviar unha mensaxe), mentres que da Casa Branca saíron 40 millóns de e-mails. Esta información difundiu Skip Rutherford, director da Fundación Presidencial Clinton, que recolle fondos para a biblioteca do ex-gobernante. Así, a única mensaxe real enviado por Bill Clinton a través da Internet sería a John Glenn, ex-senador e ex-astronauta, que a recibiu dende un transbordador espacial do que era tripulante naquel intre.



TECNOLOXÍA E DESEÑO

CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVICIOS

¿Quiénes somos?

El Centro de Innovación y Servicios de Galicia está creado para ayudar y complementar a la empresa gallega, detectando y asesorándola en sus necesidades tecnológicas y aportando soluciones específicas

¿Qué Hacemos?

SISTEMAS INFORMÁTICOS

Bases de Datos a medida. Desarrollo de Aplicaciones y Sistemas de Información.

MULTIMEDIA

Presentación de actividades y productos en soporte digital, Diseño y Animación 3D, Diseño WEB.

TELEMÁTICA

Desarrollo de servicios para entornos de comercio electrónico, Asesoría y apoyo técnico en las necesidades de comunicación de la empresa.

FORMACIÓN

Formación Multidisciplinar para profesionales recién titulados. Programas Master.

CAPTACIÓN Y GESTIÓN DE AYUDAS Y SUBVENCIONES PARA PROYECTOS

Captación de Recursos a través de las líneas de Ayudas existentes a nivel regional, nacional y europeo.

O FBI detivo a un home por copiar películas que recibía dun membro da Academia dos Óscar

O caso da copia ilegal de películas coa complicidade dun membro do xurado da Academia do Óscar acaba de ofrecer un novo capítulo, e posiblemente non sexa o derradeiro. A Oficina Federal de Investigación (FBI) xa confirmou a detención dun home (Russell Sprague, de 51 anos) acusado dese delito de vulneración dos dereitos de autor: os filmes cos que traballaba nin sequera se tiñan estreado en salas comerciais. Entre as películas distribuídas a posteriori pola Rede están algunhas das mellores que ofreceu o que vai de ano, como a aclamada *Mystic River*, de Clint Eastwood, que por certo acabou entre o paquete de nominadas como as mellores do ano. Tom Cruise e a súa encarnación de americano en Xapón (*El último samurai*) na procura da redención polos crimes cometidos pobo indio tampouco se librou da picaresca de Sprague. A fiscal que leva o caso (Debra Yang) xa deu a súa opinión: "O pirateo de películas equivale a tomar os cartos dos petos de todos os que viven da industria do cine". Ó parecer, as películas ilegalmente distribuídas viñan da man do devandito membro da Academia dos Óscar (que como todos os restantes integrantes do xurado reciben as copias para votar se son merecedoras dos premios).



O gasto en telefonía móbil das familias españolas ascendeu a 900 millóns de euros, a xulgar por datos do Goberno

O estudio presentado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía acerca da demanda de servicios de telecomunicacións aparece como auga de maio nun país (España) que, a xulgar pola meirande parte das enquisas de iniciativa privada sobre uso das novas tecnoloxías, debe ser practicamente o penúltimo en Europa empezado polo final en case tódolos rankings relativos á Sociedade da Información. Segundo este estudio do goberno, realizado conxuntamente coa entidade pública Red.es, o gasto en servicios de telefonía móbil das familias españolas durante o terceiro trimestre de 2003 subiu a 900 millóns de euros, superando o gasto medio por fogar ó da telefonía fixa. Ademais, o 43,9 por cento do parque de terminais renóvase anualmente, o que vén a reforzar o que xa se supuña: que a publicidade intensiva por parte das operadoras e os fabricantes de terminais incidindo na necesidade imperiosa de trocar de móbil é tremendamente efectiva. Máis da metade dos usuarios (52,1 %) cren que reciben dabondo o moito polo que pagan. Polo que respecta ó equipamento tecnolóxico nos fogares, dicir que segundo o ministerio, rexistrouse un importante aumento de penetración dos ordenadores ó longo de 2003: ata o 43,4 por cento partindo dunha cifra de 32,2%. O DVD, pola súa parte, xa está presente en practicamente o 30 por cento dos fogares. Tres cuartas partes das familias do país gastan unha media de 60 euros en telecomunicacións. En España hai 11,6 millóns de internautas, dos cales 9,5, é dicir, o 27,3 % dos cidadáns maiores de 15 anos accederon a Internet no último mes.

O Sergas prepara o terreo para as consultas de historiais médicos na Rede

A saúde a distancia. Esa é a meta que semella perseguir o Sergas cun proxecto, totalmente innovador en España, que lle permitiría ós médicos obter datos sobre os enfermos dende calquera centro sanitario. Internet será, unha vez máis, o soporte que fará posible este servicio, segundo manifestou recentemente Enrique Paseiro, xefe do Servicio de Informática do Sergas, no momento da presentación do proxecto, chamado *e-saúde*, que se prevé poñer en marcha dun xeito parcial en 2004. Gracias a esta iniciativa, todo o historial médico do paciente estará dispoñible na Rede para os facultativos, con independencia de en qué centro médico estean.

Audiovisual nas aulas nace como canteira de espectadores

Profesionais do audiovisual como Antón Reixa; comunicadores como Xosé Ramón Gayoso; actrices como Isabel Blanco e historiadores e teóricos como Ángel Luis Hueso participan no curso de formación de monitores para o proxecto Audiovisual nas aulas, organizado polo Consorcio Audiovisual de Galicia co obxectivo de achegar este sector ós estudantes de primaria e secundaria da Comunidade galega. Audiovisual nas aulas pretende ser un proxecto que funcione como unha campaña de alfabetización audiovisual que comece nos centros de ensino e remate na propia sociedade. En concreto, nace como unha iniciativa periódica orientada a crear espectadores críticos e cualificados, formados nas claves da linguaxe audiovisual, da historia do cine e do sector en Galicia, na análise cinematográfica ou en cuestións relacionadas coa xestión audiovisual. Como parte deste proxecto, o Consorcio Audiovisual de Galicia promoveu un curso de formación de monitores, impartido por profesionais do sector e da docencia e que inclúe visitas a produtoras, rodaxes e institucións vencelladas ó audiovisual. Entre os contidos do programa figura un percorrido histórico polo cine español en relación con Galicia, así como pola propia historia do audiovisual galego. Ademais de nocións básicas relativas á linguaxe en imaxes, o curso de monitores aborda temas relacionados con labores técnicos como fotografía, dirección artística, dobraxe, actores, realización ou montaxe, ó tempo que se recollen experiencias puntuais en televisión, multimedia e outras facetas como a promoción e a difusión.

Galicia segue a ter un gran descoñecemento dos servicios das novas tecnoloxías no fogar, segundo o Centro de Competencias de Comercio Electrónico.

¿Para que serve un ordenador?, ¿que finalidade ten Internet? Estas son, a xulgar polos datos aportados recentemente polo Centro de Competencias de Comercio Electrónico, algunhas das cuestións máis repetidas pola meirande parte dos galegos perante os servicios no fogar das novas tecnoloxías. O certo é que, malia tódolos esforzos postos en xogo dende hai anos, segue a haber no noso país un gran descoñecemento respecto á Sociedade da Información. O 60 por cento das familias non conta con ordenador na casa, o que deixa ó restante 40 % (os que si teñen un equipo informático) moi por debaixo da media europea (que en 2001 era xa do 45 %). Sen embargo, o máis interesante da enquisa son as respostas daqueles que non o teñen á seguinte pregunta: ¿por que non o teñen? O 60 por cen conclúe que non o precisa en absoluto. Polo que respecta ó uso de Internet, o panorama é similar. Certo que os índices de usuarios medran cada ano, pero, a xulgar polos datos proporcionados, queda por moito por andar. Deste xeito, a media europea de implantación da Rede nos fogares duplica á galega. Hoxe en día rebábase en Galicia a cifra do 20 % (en 2002, o 19%) do total da poboación, mentres que a media europea achégase á metade da porcentaxe total. A resposta dada polos que non teñen Internet en casa á pregunta de por qué non se conectan é moi doada de imaxinar: porque non lles fai falla. A suposta alta custe da conexión é o segundo dos motivos esgrimidos. En realidade, a onde levan estes datos é á formulación doutra pregunta, pero de máis difícil resposta: ¿como facer que os galegos e galegas saiban do proveito que poden obter das novas tecnoloxías se non acceden a elas?

As tres universidades galegas suman esforzos a prol da nanotecnoloxía

Malia que moitos galegos descoñecen aínda en qué consiste a nanotecnoloxía, estes días esta disciplina está de actualidade no noso país. O motivo deste súpeto interese pola nanociencia radica na iniciativa tomada polas tres universidades galegas, que anunciaron a integración de ideas e proxectos nunha única rede. Ata un total de 80 científicos distribuídos en nove grupos formaran parte desta recién estreada Rede Galega de Nanotecnoloxía. A iniciativa, que xurdiu co pulo da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta, está a ser coordinada por dous profesores da Universidade de Santiago, José Rivas e Jorge Mira. O seu principal obxectivo é traballar por integrar ós científicos galegos nos programas de incentivo da UE. A nanotecnoloxía basease no manexo de escalas de nanómetros (un nanómetro é a millonésima parte dun milímetro) e abrangue moitas áreas do coñecemento, como a física, a



enxeñería, a química, ou a farmacia. O acadado ata o momento por esta disciplina arroxa en parte o seguinte balance: máis prestacións na computación, creación de materiais dez veces máis resistentes có aceiro ou a fabricación de sistemas que ceiban os fármacos que precise o paciente.



O cárcere de Teixeira, novo escenario de pirateo de centos de CDs e DVDs

Que se atopen centos de CDs piratas vén a ser, para desgracia das discográficas, un achádego máis ou menos cotián. O que si se sae da norma é que aparezan no cárcere, concretamente na de Teixeira, Curtis, onde a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias abriu unha investigación para determina-las causas de por qué os reclusos tiñan tal cantidade de material copiado en diferentes recunchos do recinto penitenciario: varios centos de DVDs con películas que están actualmente nas salas e máis de 400 CDs gravados. Este singular caso de *top manta* podería implicar a unha sección dos funcionarios do complexo, tal e como se asegurou na Cadena Ser, malia que o Ministerio do Interior, de quen depende o centro, xa se apresurou a facer unha chamamento xeral á prudencia. Sexa como sexa, a xuízo da Ser, algúns deses traballadores públicos mercaban material previamente pirateado por tres euros e logo procedían a revendelos entre os presos, que á súa vez volvían a vendelos.

Campaña para a devolución da música descargada a través da Internet

Por mor da persecución dos usuarios de programas de intercambio de arquivos a través da Internet por parte das discográficas inician unha campaña que convida á devolución da música descargada. Os promotores sosteñen que, se as discográficas acusan ós usuarios de roubar música, estos poden devolvela, descargando así a súa conciencia. Proponen 3 xeitos de devolver as cancións: enviándoas por correo electrónico (o que saturaría o servidor de correo da RIAA), gardar as cancións en CD e mandarllas á RIAA por correo convencional e imprimir os arquivos MP3 e mandar o código hexadecimal por correo convencional (ocupando cada cancións uns 500 folios). Este último sistema tamén se podería aplicar ó fax, o que tamén saturaría o servicio e ocasionaría un prexuízo económico (polo gasto da tinta e o papel) para o destinatario das cancións.



A UE quere prohibir o correo lixo

A Comisión Europea presentou unha comunicación na que recolle un paquete de medidas para loitar contra o correo electrónico non solicitado, ou correo lixo, que xa supón o 53% dos correos que circulan actualmente pola Internet. Pese ás retencencias no pasado, agora a Comisión pretende unha prohibición do *spam* na Unión e, máis adiante, no resto do mundo. Este cambio de opinión por parte da Comisión Europea débese ó incremento exponencial dos correos lixo, pois cando se debatiu anteriormente o problema en 2001, o *spam* só era o 7% dos correos enviados, o que dista moito da situación actual, que mina a confianza nas comunicacións electrónicas. O problema podería facerse aínda máis importante coa chegada do correo electrónico ós teléfonos móbiles, polo que pretenden por freo rapidamente, para evitar males futuros.



Os representantes do audiovisual defenden en Vigo a necesidade dunha segunda canle da TVG

O *Foro pola segunda canle de TVG* celebrado estes días en Vigo constatou o que xa se supuña: que os representantes das produtoras do audiovisual e os diversos colectivos de artistas do sector seguen a considerar necesaria a creación dunha "irmá" da televisión autonómica. Esta nova canle viría, segundo eles, a reforzar a puxante industria galega do sector que, como se está a demostrar nos últimos anos, non ten nada que envexar ós filmes reais ou de animación, series e documentais que proveñen de fóra. Sexa como sexa, durante o transcurso do foro (que foi organizado pola Academia Galega do Audiovisual), quedou constancia de que existe división entre os implicados, xa que dende o Goberno autonómico considérase a petición dunha segunda canle con reservas: esgrimen que non existe demanda e que as condicións técnicas aínda non o permiten.

Un instituto de Lugo tutelado por Caixa Galicia obtivo a victoria no Xogo da Bolsa

O instituto Terra Cha de Castro Rei (Lugo) fíxose coa victoria no Xogo da Bolsa, situándose no terceiro posto a nivel europeo no *ranking* de centros educativos con *participación* nestes exercicios de simulación bursátil. O equipo do devandito centro (chamado *Chavellas*), que acudiu baixo a tutela de Caixa Galicia, xogou no torneo xunto cunhas 40.000 agrupacións de países como Alemaña, Austria ou Italia. A nova edición deste certame, que se levou a cabo unha vez máis a través de Internet, tivo un amplo seguimento. En liñas xerais, os estudantes que participaron puxeron en xogo tódolos seus coñecementos á hora de obter os mellores resultados en materia de investimentos en valores. O Xogo da Bolsa celébrase dende hai catro anos en España. Por certo que o equipo *Chavellas* conseguiu un beneficio de 57.320,90 euros.



Os profesionais da Xustiza galega poderán intercambiar documentos certificados a través da Rede

Os profesionais da Xustiza galega estarán en disposición de intercambiar e consultar a través do correo electrónico documentos cos certificados habituais. Deste xeito, avogados, xuíces e procuradores terán máis e mellores posibilidades de efectuar traballos de forma coordinada e conxunta. A ferramenta, que posibilitará estas operacións baixo unhas normas axeitadas de seguridade e inmediatez, é o LexNet, un sistema informático que foi presentado polo presidente do Tribunal Superior, Jesús Souto e o conselleiro de Xustiza, Xesús Palmou. Este último expresou a súa satisfacción pola operatividade deste sistema e engadiu que, segundo o seu criterio, a Xustiza recibiu un importante pulo na procura da súa adaptación plena ás demandas do século XXI. A ferramenta garante tódolos requisitos vencellados á autenticidade dos intervincentes e o cifrado dos documentos. En teoría, tamén se poderán consultar a través de Internet datos como a partida de nacemento, defuncións, testamentos e incluso o libro de familia. As vantaxes prácticas do sistema son grandes, sobre todo se se pensa por exemplo que unha muller violada non terá que prestar declaración perante o seu agresor. A Coruña e o seu enramado xudicial será o escenario onde por vez primeira se porá en funcionamento o LexNet.

As compras de Nadal por Internet xa teñen cifra: 180.000 millóns de euros

Arredor de 250.000 españois efectuarán navegacións en Internet para levar a cabo as súas compras, deixando nestas operacións preto de 180 millóns de euros, segundo datos publicados recentemente polo Observatorio Español de Internet. Ademais da información en cifras contantes e soantes, o que se deduce deste estudio é que este ano aumentou considerablemente a cantidade de xente que adquire produtos polas Rede, unha vez que moitos deles comprobaron que existe un meirande grado de seguridade e confianza có que se cría hai un par de anos. Así, neste ano 2003 que remata se gastarán 70 millóns de euros máis ca no ano pasado. Tanto o Observatorio Español de Internet como outros institutos de investigación auguran que este crecemento do comercio por Internet non é circunstancial: manterase a tendencia á alza.



O audiovisual buscará na literatura galega material para novas producións

A Consellería de Cultura asinou coa Asociación Galega de Editores e a Asociación Galega de Productoras Independentes un acordo en virtude do cal se fará uso do rico patrimonio literario galego para poñer a primeira pedra de futuras producións audiovisuais. Así, ámbalas dúas entidades terán que seleccionar dez títulos do fondo editorial do noso país como posibles "fontes de inspiración". Este acordo (no que a Xunta aporta máis de 30.000 euros) vén a sumarse ó asinado no ano 2001 entre as mesmas partes, que posibilitou a elaboración de "A adaptación audiovisual do Fondo Editorial Galego" no que se investigaron (en formato dixital e en papel) as posibilidades creativas que ofrecen diversas obras literarias galegas de cara ó gran público e o audiovisual. "A nosa intención este ano é chegar moito máis alá: máis publicacións literarias e moitos máis países", subliñou o conselleiro Xesús Pérez Varela, de aí que o convenio asinado hoxe leve consigo a elaboración dun informe en castelán e máis en inglés para ser publicado alí onde haxa unha oportunidade de negocio no eido cinematográfico. As obras serán seleccionadas do amplo catálogo galego de literatura de ficción, ensáistica ou literatura infantil.

Teruel será a primeira provincia española con total cobertura de alta velocidade a internet

O secretario de Estado de Telecomunicacións, Carlos López Blanco, e o presidente da Deputación de Teruel, Miguel Ferrer, inauguraron en San Martín del Río (Teruel) un centro público de acceso á Rede (telecentro), dentro do programa "Internet Rural" posto en marcha polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Este programa permitirá que 127 concellos da provincia teñan acceso a Internet mediante satélite, gracias a un convenio asinado entre a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e a Deputación de Teruel. Trátase de municipios do medio rural con pouca poboación e os que nunca chegaría o servizo de ADSL de Telefónica polo seu elevado custe económico. A xestión e posta en marcha dos centros de acceso a internet corre a cargo da sociedade pública empresarial "Red.es" presidida por Javier Rivera, explicou que con este programa se permite o acceso á banda ancha. Neste sentido, destacou que as provincias de Teruel e Huesca son as máis avanzadas de España neste programa. Na provincia de Teruel acolléronse 127 localidades o programa "Internet rural" para o acceso á banda ancha, os de maior entidade demográfica mediante conexión ADSL de Telefónica.

O director da FECYT defende en Santiago a "culturización" da ciencia

Representantes de institucións públicas e privadas incidiron en Santiago na necesidade de democratizar a ciencia, "de culturizala", como subliñou José Manuel Báez Cristóbal, director de Programas y Estudios de la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT). A xuízo de Báez, quen acudiu ó Centro de Estudios Avanzados para presentar un estudio sobre a opinión que os cidadáns españois teñen da investigación científica, é necesario que estes coñecementos entren na sociedade como un elemento máis da cultura. Durante o acto, no que estivo Matilde Sánchez, directora xeral de Investigación do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía (que ofreceu unha conferencia sobre as axudas das que se pode beneficiar Galicia), incidíuse na necesidade de concienciar ós galegos na importancia destas disciplinas, xa que segundo o devandito estudio presentado pola FECYT os galegos amósanse preocupados polos efectos negativos que o desenvolvemento pode ter no mercado laboral, e en termos xerais consideran tamén que están insuficientemente informados en materia de ciencia, cun índice de 3,9 nunha escala de 0 a 10. Matilde Sánchez fixo fincapé no feito de que en 2002, por primeira vez en España se superase o 1% do PIB en gasto en Ciencia e Investigación, estando o obxectivo para 2005 fixado en 1,22%.



A Real Academia Española incorpora o termo "internet"

Ata un total de 2.600 emendas e incorporacións efectuáronse na XXII edición do Dicionario de la Lengua Española que se poderá consultar a partires do 15 de xaneiro na páxina www.rae.es. Entre as novidades máis salientables para os usuarios de novas tecnoloxías atópase unha palabra que moitos cidadáns xa consideraban plenamente aceptada *por lei*: Internet. As novas voces, en realidade, forman parte dun avance da seguinte edición, só que a Real Academia da Lengua aproveita a existencia da Rede para facer públicas as incorporacións de xeito periódico: doutra maneira habería que agardar dez anos entre unha publicación impresa (XXII) e a seguinte (XXIII). A nova verba, "internet", poderá poñerse tamén con maiúscula inicial. Ademais deste termo, engadíronse outros certamente curiosos como: "autogoberno", "bulímico", "castrante", "irenismo", "occidentalismo", "aluminar" ou "códex".

Substituír unha lámpada incandescente por unha
de baixo consumo aforra un 80% de enerxía

...e mellora o nivel de iluminación

A utilización eficaz da enerxía beneficia
o medio natural e tamén ó teu peto.

Enerxía, a necesaria, nin máis nin menos.

¿Cal sería a reacción dun individuo que ten a posibilidade de escoitar (faladas) no teléfono mensaxes previamente escritas? Evidentemente, sorpresa, pero pasado o estupor inicial e unha vez que se impón o sentido práctico, o usuario decatárase das múltiples posibilidades que ofrece a ferramenta, sobre todo para as persoas con discapacidades. Detrás deste innovador proxecto atópase un equipo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Estes filólogos, dirixidos por Manuel González (catedrático de Lingüística Románica), basean a súa laboura na síntese e o recoñecemento de voz. Entre outras funcións, o sistema (bilingüe) advirte no teléfono da chegada dun correo electrónico, facilitando o nome do remitente, a hora ou o asunto da mensaxe. Posteriormente, a ferramenta le o que está escrito. Para as persoas que estean interesadas en probala, a Universidade de Vigo habilitou unha páxina en Internet.



Investigadores galegos, desenvolven un sistema de conversión texto voz

por REDACCIÓN

Na Rede, os responsables do proxecto (que na súa aplicación para persoas cegas identifícase co termo *Cotovía*) habilitaron xa de cara ós interesados unha web de demostración do funcionamento do sistema: www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html. Na pantalla, o usuario atopará unha breve explicación do proxecto e, á dereita, un cadro de texto onde se permite a escritura dunha frase calquera (non ten porque ser unha explicación científica, nin tampouco unha conferencia, unicamente unhas palabras elixidas ó azar, xa que se trata dun dispositivo de demostración). A ferramenta que presentamos oúpase do resto: conseguir que o usuario escoite o texto que acaba de redactar, un exemplo práctico que é a mellor maneira de facer entender o funcionamento do sistema. A iniciativa, ademais de

certamente innovadora, é práctica no sentido máis completo do termo. Unha vez utilizado o dispositivo, é doado pensar nas súas múltiples finalidades, sendo as persoas con certas discapacidades visuais ou auditivas unhas das máis beneficiadas. As primeiras porque se lles permitiría a lectura de todo tipo de textos (coa axuda de lectores ópticos) sen necesidade de depender das edicións en sistema braille, co que se gañaría en comodidade e inmediatez. E as segundas, as persoas xordas, porque o sistema, da mesma maneira que converte en oral o escrito, permite o proceso contrario: Cotovía é como unha estrada de dobre sentido. Segundo informaron os seus responsables, este tipo de tecnoloxía xa se está levando á práctica no servizo de ensino de certos alumnos con minusvalías nalgúns centros educativos. Ademais, entre outras moitas cousas, tamén podería servir para consultar as notas obtidas por un estudante a través do teléfono, para informarse das prazas hostaleiras dispoñibles nunha localidade ou para consultar un decreto publicado no Diario Oficial de Galicia sen necesidade de intervención humana, segundo manifestou Manuel González, coordinador da iniciativa, catedrático de Lingüística Románica na USC. Cómpre dicir ademais que o dispositivo é bilingüe: o sistema funciona tanto en galego como en lingua castelá.

Proxecto Laverca: aprendizaxe oral de verbos escritos

O grupo de filólogos responsables de Cotovía puxo en funcionamento, paralelamente, outros proxectos vencellados á mesma tecnoloxía. Un dos máis coñecidos é o dicionario de verbos Laverca, un programa de axuda ó estudante ou ós interesados na aprendizaxe da lingua galega. Este interesante sistema foi recoñecido co Premio da Crítica na modalidade de investigación científica o ano pasado. Entre outras funcións, posibilita a conxugación e análise de tódolos verbos da lingua galega. Semellante ferramenta poida que, polo menos en aparencia, non presente grandes novidades, pero o panorama cambia (e o interese medra) cando se aporta o seguinte dato: incorpora a xa coñecida síntese de voz coa que o interesado ten a opción de escoitar a pronunciación das formas de calquera paradigma verbal. Deste xeito, preséntase como un inmillorable titor de aprendizaxe, un perfecto exemplo de novas tecnoloxías postas ó servizo da educación (e viceversa). Neste momento utilízase de transcritor para informativos de televisión. Así definen os seus responsables as características técnicas: "Laverca é un programa composto por un conxugador verbal e un analizador de formas verbais. Presenta como principal novidade a incorporación de voz sintética, feminina e masculina, que se utiliza para a lectura dos verbos que se presentan en pantalla. Ademais, esta ferramenta permite a conxugación dos verbos galegos a partir do seu infinitivo, así como a análise (tempo, modo, persoa, clase) de calquera forma do paradigma verbal. En LAVERCA están incluídos tódolos verbos nominativos recollidos no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA)".



Un ambicioso proxecto iniciado en 1998

O grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela coordinado por Manuel González (que ademais é director do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades) comezou a traballar neste proxecto en 1998, que naceu co identificador de "Sistema de diálogo home-máquina para aplicacións telemáticas". Nesta ferramenta o usuario ten a última palabra: el é o que dá as ordes para que se lle lea oralmente a carta escrita ou viceversa, pasar á escrita o que se lle di ó sistema. De feito, unha das súas primeiras funcións de cara a tódolos posibles usuarios, sexan minusválidos ou non, é a seguinte: o envío e consulta de correos electrónicos a través do teléfono facendo uso da síntese e o recoñecemento da voz. O produto desenvolveuse conxuntamente con enxeñeiros de Telecomunicacións da Universidade de Vigo dirixidos pola profesora Carme García Mateo (Grupo de Tratamento do Sinal), e o traballo inscribíase no plan Telnet, financiado pola UE, e nel colaborou a empresa de servizos informáticos Cesatel. Cotovía non é máis ca unha consecuencia lóxica do sistema de diálogo home-máquina.

En 2004 proliferarán os ataques informáticos con ánimo de lucro, segundo os expertos

O 2004 será o ano dos virus. Así, con esta preocupante nova, saúdan ós usuarios da Rede os expertos mundiais en facer prediccions tecnolóxicas. De feito -e aínda que xa soan outras voces que comentan que ese prognóstico é xogar sobre seguro: como aventurar que na Terra fará frío e calor-, nos últimos anos detectouse unha firme tendencia ó perfeccionamento dos convidados informáticos máis *dañinos* (*Bugbear* ou *Sobig* son algúns dos exemplos), tanto foi así que chegaron a afectar ó bo funcionamento dalgunhas institucións públicas. Do mesmo xeito, os departamentos de seguridade de numerosas empresas multinacionais víronse practicamente desbordados. E segundo compañías como Symantec, a cuestión está lonxe de mellorar. Todo o contrario: os creadores de virus cada vez saben máis do seu *traballo* e o que puido empezar como un xogo, agora é algo máis ca un reto: é unha cuestión de substanciosas ganancias cara os seus petos. Os ataques tenderán a ser máis intelixentes e compartidos, experimentándose ademais un proceso de selección natural que deixará na cuneta ós creadores de vermes menos habilidosos. As entidades bancarias, de onde se poden obter interesantes datos co obxecto de beneficiarse, poderán ser os seus principais obxectivos, na liña do *Bugbear*, o temido convidado que detectaba as pulsacións no teclado para acadar información confidencial. A clave do asunto, segundo empresas de seguridade como F-Secure, é que onde antes había mozos con ganas de divertirse na Rede, agora haberá homes cunha maleta baleira que agardan encher de cartos.

Internauta, algún che espía

Se o primeiro paso das empresas foi informatizarse, o segundo conectarse a Internet, o terceiro será, loxicamente, o control sobre a conexión. Nun mundo onde calquera persoa que teña control sobre unha cantidade importante de ferramentas tecnolóxicas é un potencial terrorista, demándanse cada vez máis métodos efectivos de vixilancia, no sector público, nas empresas e nos fogares. O 2004 será un ano de incremento en presenza e efectividade destas ferramentas. Programas como o Spyware, desenvolvidos para espiar as actitudes dos usuarios conectados a Internet, estarán á orde do día, segundo os expertos. Estes sistemas recollen e envían datos sobre as páxinas máis visitadas por unha persoa concreta, obteñen información sobre o equipo dende o que se efectúa a conexión (e incluso poden chegar a saber se o software dese equipo non é o orixinal). Dende as asociacións de usuarios levan denunciando dende hai tempo as violacións de privacidade que supoñen estas ferramentas, pero nada hai que indique que remitirá o seu uso.



Efectos de concentración

Outra das prediccions que máis se repite na Rede é que Internet vai estar, cada vez máis (no que se refire ó negocio), concentrado nunha menor cantidade de mans. Estaríamos pois ante un pastel de proporcions descomunais a repartir entre Google, eBay ou Amazon, sinxela distribución que configuraría un panorama preocupante: ¿como é posible que tantos internautas ó longo e ancho do mundo teñan exactamente as mesmas costumes á hora de conectarse e mercar por Internet? Os expertos xa o deixan claro: o Nadal pasado foi o máis rendible da historia para o comercio electrónico. En realidade, o efecto concentración non é máis ca unha consecuencia lóxica, aínda que non sexa desexable. As empresas pequenas que queiran facer negocio deberán aguzar o inxenio. A fin de contas, o que non innova, que se vaia despedindo.



Algunhas prediccions tecnolóxicas para un ano que comeza

Empresas do novo ano: observatorios da demanda

Os expertos de diversos foros dixitais sobre nova economía coinciden: se de verdade se vai na procura do que é rendible non queda máis remedio que traballar pola flexibilidade. Así o define Rafael Cera a propósito destes camiños a seguir polas empresas: "O verdadeiro valor delas dende o punto de vista de mercado estará taxado na súa capacidade de prover de produtos e servizos en función á evolución dos gustos e desexos dos seus clientes". Estes serán, en última instancia, os que lle dean forma ó mercado, os que o modelen e lle insuflen vida. A tendencia é a de estar alerta dos hipotéticos cambios de rumbo dos intereses dos consumidores. Antes, as empresas fabricaban e non había máis remedio que mercar os seus produtos. Agora, cada vez máis, os líderes de vendas que xeran riqueza hoxe, poderán xerar pan, auga e pouco máis para mañá. O cliente afianza os seus privilexios. Se non se lle satisface, buscará de contado outro provedor. De aí a supoñer que os gastos en I+D e marketing incrementaranse só hai un paso.

O emprego no sector das novas tecnoloxías vai en aumento

As enquisas sobre novas tecnoloxías en España sucedéronse con maior frecuencia os derradeiros días de 2003, ofrecendo porcións de cal e area a partes iguais. Entre os estudos que máis fomentan o optimismo atópase o da consultora Dice sobre o emprego no sector e as súas posibilidades de crecemento. Segundo esta investigación, o devandito eido económico (que pasou estes últimos anos por moitas malas etapas e case ningunha boa) experimentará un aumento da demanda de profesionais especializados. A enquisa, que se realizou a través dunha serie de entrevistas con xefes de departamentos de recursos humanos en diversas empresas de novas tecnoloxías españolas, arroxa ademais os seguintes datos: o 72 por cento dos convocados na investigación asegurou que a súa empresa preparaba o arranque de planos de contratación de profesionais nos próximos seis meses. A consultora manifesta que hai lugar para o optimismo, e que a mentalidade está cambiando, posto que no estudio de 2002 unha porcentaxe moi baixa dos entrevistados atrevese a asegurar unha meirande contratación ca en 2001. Non ocorre así en 2003: case a metade dos enquisados asegura que será meirande ca en 2002.

Máis publicidade, máis especialización temática

Para 2004 prognosticase que o abrazo da publicidade dixital ós usuarios será aínda máis forte. A vertente comercial da Rede afianza os seus alicerces, e as estratexias de mercado levadas a cabo neste merca serán máis serias e coherentes. O volume do comercio electrónico incrementárase de xeito substancial. E polo que respecta ás novas iniciativas comerciais ou informativas en Internet, agora que o internauta español se pode considerar usuario avanzado, non valerá con catro ou cinco ideas curiosas pero mal desenvolvidas. Buscarase a calidade e a concreción, non importa que por medio de suscripcións (de feito é posible que este fenómeno se incremente).




A bola de cristal de Jay Dougherty

Como xa se dixo ó principio desta reportaxe, as prediccions do que acontecerá en 2004 dende o punto de vista tecnolóxico proliferan tanto estes días que é difícil crer que haxa tanto usuario *cualificado*. De tódolos xeitos, entre un ambiente de disparate de cando en cando atópanse reflexións interesantes, como a teoría de que as eleccións de marzo, en virtude dos múltiples planos de desenvolvemento presentados, España e Galicia despegarán definitivamente no que se refire a novas tecnoloxías. Sexa como sexa, a un dos que máis se lle escoita é a Jay Dougherty, especialista en premonicións que ofreceu un avance do que se nos botará enriba. Algunhas son previsibles pero noutras ofrece certos detalles curiosos. Centrarémonos nestes últimos:

- Os PCs máis potentes chegarán a unha capacidade de máis de 600 Mb nos seus discos duros
- Menos cables. Os cables, que tanto espazo ocupan nos fogares ou nas oficinas, están en vías de extinción. Para 2004 prevese un afianzamento sorprendente da vida inarámica, xunto coa tecnoloxía *Bluetooth*, o que fai posible a conexión a Internet co PC en escenarios públicos.
- Mac e Linux ganan terreo e moven ficha. Este é o seu ano para estender os seus sistemas.
- Malos tempos para o SPAM (correo lixo). Dougherty puido ver auténticas vacas fracas na súa bola de cristal. Podería ser declarado actividade ilegal, con todo o que iso leva consigo.
- Outros ós que se lles viu despedirse dos bos tempos, se é que algunha vez estes existiron, son os PDAs -asistentes persoais dixitais-, que serán empurrados do mercado seriamente polos teléfonos móbiles con axenda, cámara, reproductores de Mp3 e con minicomputadoras.





“En este país no debemos tener complejos para abordar nuevos mercados”

por REDACCIÓN

El portal de Caramelo fue recientemente premiado por la Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet (EGANET) en la categoría de “mellor web de empresa”. El galardón supuso un interesante reconocimiento a la labor de la firma Interacción (con sede en Vigo) responsable del diseño y la puesta en marcha de dicha web y representativa en nuestro país de

cómo se debe (en qué cantidades) usar la tecnología al servicio de la creatividad y de la labor artístico-comercial por excelencia: la publicitaria. Código Cero pudo hablar con Jaime Arregui (a la izquierda en la imagen, director comercial de Interacción, durante la celebración de Galiciatic. A su juicio, es hora de que en Galicia se dejen atrás complejos y poder abordar nuevos mercados, cualquier mercado.

● **En líneas generales, ¿qué representa para ustedes este premio de Eganet?**

-Pues una gran satisfacción, como podéis imaginar. El que un proyecto nuestro sea reconocido por una asociación como Eganet, de profesionales del sector, nos anima a seguir trabajando y a seguir esforzándonos día a día en ofrecer a nuestros clientes un servicio de calidad.

● **En qué consiste exactamente su trabajo?**

-Interacción es una de las principales empresas de comunicación interactiva de Galicia. Nuestra misión consiste en ayudar a nuestros clientes a aprovechar las ventajas de la tecnología para comunicar mejor, vender más o para reducir costes. Para ello desarrollamos soluciones eficaces que combinan aspectos de creatividad y el diseño con un sólido conocimiento de la tecnología. Somos pioneros en esta actividad en Galicia y en este tiempo hemos tenido la suerte de poder trabajar con algunas de las principales empresas e instituciones de Galicia. En nuestra página web (www.interaccion.es) ofrecemos información detallada del tipo de

trabajos que realizamos.

● **Interacción es una palabra que lleva incluida otra muy importante: acción. ¿Es por ahí por donde deben pasar las nuevas empresas gallegas?, ¿por el dinamismo, la renovación?**

-Creo que son conceptos importantes para todo tipo de empresas, no sólo para las de reciente creación. En un entorno tan competitivo y cambiante como el actual, me parece que muy pocas empresas pueden permitirse el lujo de quedarse siempre igual... En este sentido, las nuevas tecnologías ofrecen una serie de herramientas y de posibilidades que pueden contribuir a mejorar la competitividad de las empresas.

● **El hecho de que existan por fin en Galicia unos galardones como estos que concede Eganet, y de que se reconozcan trabajos en el campo de las nuevas tecnologías, ¿es un síntoma de que las cosas están cambiando en Galicia para mejorar, por el contrario, es más bien un espejismo?**

-Me parece que los premios Eganet son una iniciativa muy positiva. Reflejan la creciente madurez del sector en Galicia y muestran nuestro potencial a un público amplío.

Nuestra experiencia nos indica que en Galicia se puede realizar un trabajo tan bueno o mejor que el que se hace en otros lugares y que no debemos tener complejos a la hora de abordar nuevos mercados. Este tipo de eventos creo que nos ayuda a convencernos un poco más de que es posible hacerlo.

● **Vosotros habéis estado en Galiciatic. Dadnos una breve valoración de lo sucedido, de lo que habéis visto allí, de lo que creéis que se puede llegar a hacer con este tipo de encuentros.**

-Es importante celebrar eventos de este tipo en Galicia. Es muy positivo poder intercambiar experiencias y acceder a las últimas tendencias del sector sin tener que salir de Galicia.

● **¿Qué consejo le daríais a los jóvenes emprendedores que están pensando en lanzarse al mercado de las nuevas tecnologías de la información?**

-Que no se centren solo en los aspectos tecnológicos de su proyecto. Creo que es importante tener en cuenta otro tipo de consideraciones, desde la organización interna de la nueva empresa hasta realizar una valoración realista de su mercado potencial.



Infotarifa: a xestión empresarial

por REDACCIÓN

De entre os centos de empresas que acudiron á pasada edición de Galiciatic houbo moitas que espertaron o interese dos asistentes polas súas propostas innovadoras. Entre estas últimas estaba TLR, firma de Porriño, que ademais de actuar como poñente e patrocinadora, recibiu, grazas á súa plataforma Infotarifa, o Premio EGANET á Mellor Iniciativa Empresarial en Internet. Código Cero quixo saber en qué consiste este produto e por qué foi elixido con posterioridade como integrante do proxecto de Mellora Competitiva do Comercio Tradicional nas zonas máis afectadas pola catástrofe do Prestige. A propia TLR manifestou ó respecto: “Infotarifa pode

ser a clave máis reveladora deste proxecto, ó axudar de forma notable á mellora da produción, comercialización e xestión das empresas”. A plataforma, segundo puido saber esta revista, permite a conectividade a través de Internet dos programas informáticos de xestión de fabricantes, distribuidores, representantes, cooperativas, grupos de compra e asociacións. Ademais, crea para todos eles un escenario de traballo no que levar a cabo procesos de negocio “con total seguridade”, afirman os seus responsables. A todo iso habería que engadir, sinalan de novo os creadores da plataforma, unha redución de custes administrativos e lóxicos. O proxecto de Mellora Competitiva do Comercio Tradicional conta cunha base subvencionable de 684.480 euros

é unha iniciativa da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa e o IGAPE. Coa selección da ferramenta Infotarifa preténdese minimizar o impacto económico e organizativo no proceso de informatización (necesaria) dos negocios dos escenarios máis azoutados pola marea negra. Nunha moi recente información ofrecida pola propia firma, TLR, confirmábase a implantación efectiva e a gran escala da ferramenta Infotarifa, en especial no sector ferreiteiro. Ademais, e volviendo ó catálogo de recoñecementos, esta aplicación foi elixida pola Asociación Nacional de Usuarios de Datos Electrónicos (ANUDE) o pasado ano como a mellor solución a implantar nas empresas afectadas polo verquido do Prestige.

De novo na diana con Infoescaparate

Se TLR, a vulgar polos resultados obtidos, deu no cravo con Infotarifa, semella que o lema de que segundas partes nunca foron boas non funciona na política desta empresa, xa que o seu produto Infoescaparate foi recoñecido polo Organismo de Cooperación Iberoamericana co certificado Iberoeka. Infoescaparate é unha ferramenta que permite a comunicación de datos entre os programas de xestión de fabricantes e distribuidores (almacenes e puntos de venda) coas aplicacións informáticas dos consumidores profesionais. En virtude disto, os primeiros implicados poden recibir pedidos, solicitar ofertas ou publicar o seu catálogo de forma áxil e sen duplicar esforzos. Pola súa parte, o segundo implicado, o consumidor profesional, pode dispoñer da información actualizada dos produtos e os seus prezos, aforrar tempo na solicitude de ofertas, localizar rapidamente artigos, marcas e subministradores ou incluso formalizar pedidos cos provedores de forma privada dende o seu propio programa informático.

A Deputación de Pontevedra entrou a formar parte do Proxecto Pista-Administración Local, unha iniciativa que permitirá ós medianos e pequenos concellos do entorno subministraren servizos de teleadministración a través da Rede. As ferramentas deste programa estarán dispoñibles a partir do terceiro trimestre do ano que comeza. O órgano provincial constitúese como pioneiro en Galicia en implantar este plan, un proxecto que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e a Federación de Municipios e Provincias (FEMP) están a desenvolver en diversas institucións públicas do eido nacional. Un dos principais obxectivos do Proxecto Pista é axilizar xestións administrativas como o pago dos impostos ou a tramitación de diversos expedientes. É unha pegada máis no camiño cara unha relación cidadán-institucións públicas totalmente baseada nas tecnoloxías da información.

A Deputación de Pontevedra adheriuse ó Proxecto Pista, un plan para desenvolver a teleadministración nos concellos



Sistema de Información Territorial

Segundo puido saber esta revista da propia Deputación de Pontevedra, o que representa realmente esta iniciativa dende o punto de vista técnico "é un Sistema de Información Territorial para concellos coa fin de georreferenciar tanto a información como a propia xestión municipal e proporcionar así a estes órganos locais e ós cidadáns servizos en liña baseados en sistemas de información xeográfica". E engaden a maiores: "O sistema terá capacidade multientidade, de xeito que poderá estar instalado nos propios concellos se estes dispoñen de suficientes recursos e capacidade, ou ben poderá instalarse en órganos supramunicipais".

Para garantir a máxima implantación posible, os desenvolvementos do proxecto poderán executar nas plataformas (sistemas operativos, servidores web ou bases de datos) de meirande difusión na actualidade, baseándose en arquitecturas abertas e tecnoloxías estándar que permitan servir información ós cidadáns e interactuar con eles ou outras administracións.

Todo isto con independencia dos sistemas de xestión propios de cada unha das mesmas. Ademais, a aplicación terá capacidade multilingüe.

por REDACCIÓN



O camiño cara un sistema administrativo electrónico plenamente operativo e funcional é un camiño de ida, pero non de volta, posto que tanto os organismos públicos como os propios cidadáns estanse decatando hai tempo das múltiples vantaxes que reportan as novas tecnoloxías neste eido (inmediatez, trámites a distancia, plena seguridade, aforro de papeleo). E non haberá volta atrás. Código Cero propúxose dende os seus primeiros números dar conta dos progresos das Administracións neste sentido. Unha das últimas novas ó respecto é a que a atinxe á implantación do Proxecto Pista en Galicia a través da Deputación de Pontevedra. Trátase dunha iniciativa pioneira no noso país, plenamente innovadora, que traerá consigo un desenvolvemento dos servizos que os medianos e pequenos concellos poñen a disposición dos cidadáns: servizos de información administrativa e de teleadministración a través da Rede. Dito doutro xeito: o que se pretende é axilizar todo o posible xestións como o cobro de diversos impostos e tramitar expedientes, ademais de administrar redes provinciais, vías e obras. Todo iso a partir do terceiro trimestre de 2004. No plan, levado adiante de xeito conxunto entre o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía (MCET) e a Federación de Municipios e Provincias (FEMP), xa se integraron os seguintes organismos: a Generalitat Valenciana, o Principado de Asturias e a Comunidade de Castela e León; as deputacións de Almería, Zaragoza, Soria, Barcelona, Badaxoz, Valencia e Pontevedra; os concellos de Lleida e Las Rozas; a Mancomunidade Riberas do Tajo e o consorcio Localret (782 concellos que levan apostando dende hai anos polo uso

das novas tecnoloxías ó servizo da mellora da xestión administrativa), como usuarios colaboradores e asociados. Actualmente hai 28 Proxectos Pista xa finalizados, estando 11 en desenvolvemento e outros 7 se atopan en fase de licitación. Por certo que a Comunidade Valenciana xa asinou un convenio co MCET para a cesión dos dereitos de uso e modificación da aplicación Infosoft 2003, en liña cos obxectivos do Pista. A Deputación de Pontevedra, segundo se fixo saber, "concorreu ó concurso convocado polo Ministerio adherida ó proxecto presentado pola empresa **Inzamac** -que elaborou para o órgano provincial a enquisa de equipamentos e infraestructuras- que foi a ganadora do certame cun contrato de un millón de euros. A primeira toma de contacto entre os implicados no programa tivo lugar en Madrid o pasado 17 de decembro, onde o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía reuniuse cos representantes das comunidades autónomas, as deputacións e os concellos participantes, coa fin de estruturar os pasos a seguir.





You'll love the future

Certifícate como

Técnico Especialista en Redes



Prácticas reales
en laboratorios Cisco

Obtención de Título
Oficial Certificado

Instructores
Certificados Cisco

Iniciamos
preparación
de nuevos grupos
¡¡Matricúlate!!

Infórmate sin compromiso en:

VIGO: Zamora, 106 y López Mora, 10	986 211 295
PONTEVEDRA: Paseo Colón, 7	986 860 391
OURENSE: Reza 3 y Progreso 34	988 366 063
SANTIAGO: Santiago de Chile, 17	981 598 590
A CORUÑA: Pl. de Pontevedra, 18-2º	981 148 471
LUGO: Plaza de Santo Domingo, 9 1º	982 252 859
FERROL: C/ Mendez Nuñez, 13	981 369 790/91



CENTROS DE FORMACIÓN
**GRUPO
ACADEMIA POSTAL**

Galego: dicionarios e manuais para iniciarse ou perfeccionalo

Un dos apartados que presumiblemente terá máis uso do novo portal é o que fai referencia á lingua galega. Non só polos dicionarios senón tamén como ferramenta para iniciarse no seu coñecemento ou ben coa fin de perfeccionar o que xa se sabe. O galego, que recentemente foi rexistrado entre os primeiros corenta idiomas máis utilizados na Rede (por diante dalgúns que, a priori, deberan ter meirande presenza por cuestións de poboación) é un dos piares sobre os que asenta esta iniciativa, unha das súas razóns de ser, sobre todo si se ten en conta que tanto a supervivencia do galego como o afianzamento na Sociedade da Información representan cuestións prioritarias. Neste sentido, o novo portal inclúe as seguintes ferramentas: Sección de Asesoramento Lingüístico (SAL), acceso directo co Centro Ramón Piñeiro, un apartado sobre cumprida información sobre o Día das Letras Galegas, datos sobre Entre Nós (campanha de promoción de uso do galego), a Revista Galega de Ensino e ferramentas e utilidades (ata un total de dezaseis) como os devanditos dicionarios (xerais e especializados) ou correctores de texto descargables. Entre as últimas novidades, o usuario poderá atopar unha recompilación de léxico informático inglés-galego (coordinado por Esteban Patiño e Xosé Luís González), no que se ofrece (descargable) a solución a determinados problemas cos que, máis cedo ou máis tarde, se atoparán os escolares e tamén os propios profesores: ¿como dicir *avend recovery program* en galego?, ¿e que ocorre con *backup file* ou con *broadcast network*?, ¿*phototypesetter*?, ¿*processing data in batch mode*? Compre destacar tamén, tamén no capítulo de ferramentas vencelladas coa lingua, o acceso directo co proxecto CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual), que, tal e como o definen os seus responsables, “é unha colección de textos de diversa procedencia coa suficiente amplitude para seren considerados representativos do uso lingüístico do galego actual e almacenados en formato electrónico”. Neste momento, o CORGA conta con 17,5 millóns de formas. Está previsto ampliálo ata os 25 millóns ó remate do ano 2004.



por REDACCIÓN

Xa o dicía Gabriel Ferraté, rector da Universidad Oberta de Catalunya, recentemente en Santiago: camiñamos cara un sistema educativo virtual, global e ubicuo. Noutras palabras, a relación mestre/alumno que vai propiciar a chegada das novas tecnoloxías da información deberá prescindir, cada vez máis, de limitacións impostas polo espazo e o tempo. A clase que se perde hoxe poderase recuperar mañá. Os coñecementos que non se aprenden na escola por calquera motivo (enfermidade do alumno, núcleos de poboación incommunicados), aprenderanse no fogar. ¿E que ocorre se os pais queren saber con qué frecuencia acoden os seus fillos a clase?, ¿é Internet a solución á desfase de horarios entre mestres e proxenitores interesados nos progresos dos pequenos? As respostas a esa pregunta semellan a piques de ser atopadas agora que a Rede chega a máis xente. De feito, cada vez hai máis especialistas da educación que ven en Internet a ferramenta e máis a aprendizaxe, a canle pero tamén a solución do problema. A iniciativa www.edu.xunta.es sitúase nesa liña de aproveitar uns recursos, os da Sociedade da Información, ata onde a razón

Edu.xunta.es: un novo esforzo a prol do diálogo total na comunidade escolar

e máis sentido común permita chegar. No anterior número de Código ofreceuse unha extenso reportaxe sobre a presentación deste novo portal da Consellería de Educación que, baixo o lema “A educación sen límites” propúxose precisamente eliminar barreiras e fomentar, ó mesmo tempo, o uso do galego entre as novas xeracións. Neste novo artigo afondaremos dun xeito máis detallado en funcionalidades desta nova web como o **xornal educativo**, as ferramentas vencelladas á **utilización do noso idioma e determinados servizos á comunidade escolar**. Polo que respecta ó primeiro dos apartados, o que fai referencia ó xornal educativo, cómpre dicir que antes de presentalo é preciso relembra-la unha das máximas que moveron este

proxecto: crear unha web interactiva cen por cen, que fose a primeira de España dentro das súas características. Só así se entende o funcionamento deste servizo e concretamente do Diario da Escola, “un lugar na rede para mostrarlle á sociedade o que acontece nos centros educativos de Galicia, que trata de englobar tódolos niveis de ensino”, comentan os responsables do proxecto. Así, tendo en conta esa firme vontade de fomentar a plena actividade dos escolares é como se comprende que os contidos do xornal sexan unha xanela directamente aberta á vida da comunidade educativa. Algo así como unha gran táboa de anuncios virtual onde as primeiras experiencias xornalísticas dos rapaces se dan a man coa súa expresión artística. Un panel onde só se

necesita, como din os responsables do proxecto, que alumnos, profesores e pais traballen xuntos, para que os que agora son rapaces na escola, sexan nun futuro completos, libres e formados cidadáns da Sociedade da Información. Este libro de visitas plural e democrático poderá ser tan amplo e creativo como se poida imaxinar, e por certo que xa está a disposición dos usuarios a súa edición piloto: aquí teñen cabida textos e imaxes de moi variada natureza, dende novas escolares no sentido estrito (as actividades dos rapaces no X aniversario da declaración do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés) ata relatos curtos, banda deseñada, fotografías, pasatempos educativos, lendas tradicionais, receitas, etcétera.

Servizos para fillos e para pais

A lista de ferramentas para os membros da comunidade escolar é interminable. Sería precisa unha páxina máis para nomealas e falar delas brevemente. Estas utilidades están clasificadas no portal segundo a diferente natureza dos destinatarios (alumnos, mestres, familias, os propios centros, a consellería).

Os escolares, que a fin contas son os que permiten que exista unha Consellería de Educación e unha páxina como a que este departamento puxo en marcha, poden beneficiarse, por poñer algúns exemplos, dos seguintes apartados: consultas sobre os centros educativos, correo web, buscador de información ou xestión de acceso a ciclos formativos ou estudos superiores. Tamén hai lugar para os xogos, principalmente de natureza educativa, como por exemplo *Os quebracabezas da galingua*.

Os proxenitores dos alumnos tamén teñen o seu espazo reservado, para os que se destinan semellantes utilidades. Ademais, o correo electrónico operará diferentes *milagres*: que poidan ter unha relación máis estreita cos profesores (e poder coñecer de primeira man a evolución dos seus fillos) e, para desgracia de moitos escolares, que saiban de primeira man o seu nivel de asistencia ás clases. Igualmente, existe unha sección reservada á educación para adultos, educación xeral e tamén centrada na clave que sustenta unha grandísima parte desta ambiciosa andamiage chamada www.edu.xunta.es: a lingua galega.



Tanto na presentación da nova páxina da Consellería de Educación como na propia estrutura interna da mesma parece subxacer a intención de conseguir algo máis cá web dunha consellería, ¿que é o que se pretendeu acadar e ata onde é ambicioso este proxecto?

Este portal vén a ser a culminación de algo que estaba a ser demandado pola comunidade educativa. Sempre quixemos que chegase máis alá dun simple portal porque o noso desexo é que toda a comunidade sexa activa no proceso educativo. Por exemplo, os profesores poderán participar no concurso de traslados a través de Internet, proceso que ata agora supoñía a acumulación de demasiados papeis e tramitacións burocráticas, e que facía incluso que houbera erros que agora non se dan. Isto xa está funcionando. Ademais, este portal poderán utilizalo cegos e persoas con deficiencias visuais, xa que está pensado especificamente para eles...

● Semella que dalgunha maneira xa quedou contestada a nosa segunda pregunta, que era a seguinte: ¿cales son os aspectos máis salientables do novo portal?

-En parte quedou contestada e, en parte, non. Hai moitos aspectos salientables. Para empezar, dicir que proxecto vai ser, ante todo, unha iniciativa dinámica. Así, contará cun servizo de mensaxería no que estamos incluíndo a tódolos profesores... (e temos moitos en Galicia, 37.000 en números redondos). Asemade, queremos camiñar cara un servizo de mensaxería para os alumnos (isto si que son palabras maiores. Estamos a falar de moitos alumnos). O ideal, cremos nós, sería que se afaceran a utilizar o correo electrónico e, ¿por que non?, a recibir mensaxes da propia administración. Ademais, estamos a deseñar unha plataforma *e-learning* que permita introducir dun xeito moderno e práctico todo tipo de contidos do ensino.

¿É certo que o portal servirá de "casa de hóspedes" para as webs de tódolos colexios?

-Si, ese é un dos nosos obxectivos, e non é de pouca

envergadura tendo en conta a cantidade de centros que hai en Galicia. Como vostede dixo, este portal educativo aloxará páxinas web de tódolos centros educativos. Hai un equipo formado por máis de 120 docentes e 16 grupos de traballo que están elaborando tódolos contidos que se van meter en Rede.

¿E haberá un apartado para as peticións máis urxentes?

-Si, a Unidade de Atención a Centros, á que se poderá acceder a través de Internet, teléfono ou fax para demandar urxencias para complexos educativos. Mediante ese servizo atenderanse peticións de obras ou de atención docente. Neste proxecto están traballando 52 técnicos.

¿Ata que punto cre vostede que pode beneficiar ó futuro do país o acceso dos mozos e mozas de hoxe á Sociedade da Información?

-Na inmediatez da información, na súa actualidade e na mellora da aprendizaxe. Poño un exemplo que se me ocorre agora: non é o mesmo ver as fases da lúa como as estudiaba eu cando era neno, cunha boliña ou co mesmo puño, poñendo unha luz detrás e variándoa segundo sexa a fase que queredamos ilustrar. Non é o mesmo ensinalo así ca facelo cun sistema moderno coa reprodución exacta das características dos astros. Isto é aplicable a todos aqueles conceptos que se sitúan lonxe da vida cotiá do neno, conceptos doutros países e rexións, finalmente asequibles.

"Agora estamos entrando no verdadeiro meollo, no auténtico corazón das novas tecnoloxías no ensino. Estou falando dos contidos. Esa é a verdadeira clave. Logo de tódolos avances, o obxectivo que temos no punto de mira a chegar a ter uns contidos en Rede que permitan que nas aulas toda a comunidade educativa teña un sistema áxil de traballo e aprendizaxe"

¿Cre vostede que con esta e outras iniciativas se lle sacou todo o proveito posible ós recursos da Sociedade da Información no sistema educativo?

-Si, pero fixémoslo (e estámolo a facer) de xeito progresivo. Se me pregunta vostede cómo considerou eu que se están a desenvolver todos estes elementos dos que lle falei, eu diríalle que ben, e que fíxose un esforzo moi grande, pero que estamos entrando agora no verdadeiro *meollo*, no auténtico corazón das novas tecnoloxías no ensino. E son os contidos. Esa é a verdadeira clave. Logo de todos os avances, o obxectivo derradeiro era este do que lle falo, chegar a ter uns contidos en Rede que permitan que nas aulas toda a comunidade educativa teña un sistema áxil de traballo. Eu xa dicía hai uns días, e isto non é ciencia ficción, que non haberá de tardar o momento en que cada alumno galego teña un ordenador portátil que será o que leva na mochila e non os quince ou vinte libros cos que carga cada día cara o seu colexio. Esa é precisamente unha das teimas deste conselleiro. ¿Significará isto que desaparecerá o libro de texto? Nin moitísimo menos. Seguirán existindo, pero o obxectivo final é poder ceibar ós rapaces desta carga. Hai conceptos que se ven moito mellor nunha pantalla ca nun libro.

● Temos constancia de que, sobre todo polo tratamento predominantemente negativo que se lle dá nos medios de comunicación ás novas que teñen relación con Internet (sexo, pederastia, racismo, terrorismo) hai moitos pais e profesores que teñen medo de que os seus fillos teñan acceso a estas tecnoloxías da comunicación, ¿que lles diría vostede?, ¿cal sería a mensaxe?

-A mensaxe é clarísima. Estamos a deseñar un sistema de filtros que lle permitan a cada comunidade educativa (a consellería cre na autonomía dos centros) recortar determinados accesos segundo a idade dos nenos. Evidentemente os cativos pequenos non teñen a capacidade de abstracción dos maiores, e non poden acceder a determinados conceptos porque non os entenderían. Neste sentido queremos evitar que algúns contidos lles fagan dano. É difícil crear uns bos



Celso Currás Fernández. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

"Na educación, que se ven moito pantalla ca"

A Consellería de Educación crea un portal electrónico p de mira, o seguinte obxectivo: que Internet acuda para o espírito crítico e a creatividade. E o círculo péchase: material de estudio. Código Cero falou con Celso Currás, luz sobre unha iniciativa chea de aparentes complexidade acadar un día de mañá en que as nenas e nenos galegos nas costas, senón cun ordenador portátil, que sería a súa p indicou, a infraestrutura tecnolóxica existente: 8.000 or ó longo deste curso. Currás incidiu ademais na necesidade segundo plano. Agora que se deseñou a páxina, agora que dixo, ós protagonistas desta histo





...hai conceptos to mellor nunha nun libro"

para darlle novos pulos á comunidade escolar. No punto de dar o mellor de si mesmo no fomento da comunicación, as novas tecnoloxías pasan de ser canle a ser mensaxe, conselleiro de Educación, a quen se lle pediu que botase es. O responsable do programa expresou o seu desexo de non teñan que ir ó colexio coa inevitable carga de libros plataforma ideal de estudo. Con esta fin, estase a ampliar, ordenadores e 2.000 impresoras máis virían a incorporarse ade de pasar (o departamento que dirixe e máis el) a un e xa está a disposición de todos, é o momento de presentar, oria: o alumno e máis o profesor.

filtros, pero estou seguro de que cos técnicos que temos o conseguiremos.

O ideal sería camiñar cara unha situación en que as mozas e os mozos galegos que rematasen o ensino obrigatorio tivesen un dominio satisfactorio do inglés. Todo isto se conseguiría con intercambios con outros países e con outras medidas. Todos por igual. Hai que agardar ese momento, pero estou seguro de que falta pouco para que chegue"

● **Un dos alicerces sobre os que descansa esta iniciativa é o uso do galego. ¿Cre vostede que é compatible o seu uso coa utilización de Internet?, ¿ten futuro unha lingua pequena nun universo de dimensións inimaxinables coma o das Redes da información?**

- Contesto "si" ás dúas preguntas. E todo isto lévame a un tema que está moi relacionado: o inglés. Creo que todos temos que esforzarnos para que as nosas alumnas e alumnos dominen totalmente esta lingua... polo menos o inglés. Despois poderían vir outros idiomas. Dominando ben o inglés o que teríamos son uns nenos trilingües, ese sería un gran obxectivo noso. Serían nenos que, por propia lei e por propio interese deste departamento, rematarían o ensino obrigatorio cun nivel similar de castelán e de galego, e aparte poderíamos acadar que, mediante intercambios con outros países, tamén tiveran un dominio satisfactorio da lingua inglesa. ¿Isto é ciencia ficción? Non. O que ocorre é que hai que agardar ese momento en que poidan saír libremente fóra de Galicia a practicar outras linguas, pero non ten porque tardar moito.

● **Os primeiros días en que se puxo en marcha este novo portal, algúns usuarios detectaron unha velocidade moi lenta na descarga de contidos, ¿a que se puido deber?, ¿está o problema solucionado?, ¿cre vostede que a web é plenamente operativa?**

-Tivemos información dese problema, si, e doutros similares. Isto foi o propio dun proxecto coma este cando se inicia, cando se comeza, pero que xa pasou finalmente esa fase de probas.

● **Moita da xente que visita a web coincide no mesmo punto: a parte de moitas ferramentas e servizos, o que**

atopan é un vehículo ideal para a expresión dos máis pequenos, ¿considera vostede que un portal coma este podería incrementar as vías de diálogo, a comunicación, o espírito integrador e, por último, as iniquedanzas creativas?

-O obxectivo noso é que os membros da comunidade educativa sexan os protagonistas deste proxecto. A Consellería de Educación quíntase do medio neste sentido. Non ten interese en copar a atención. Os protagonistas son o alumno e máis o profesor, nesa orde. E logo, arredor, teñen unha serie de satélites fundamentais, como son os pais. Polo tanto, debe haber un intercambio constante de información que nós debemos facilitar. Queremos que haxa tamén un proceso de *feedback* polo que recibamos críticas e comentarios dos usuarios sobre ese material que nos permita reformalo. A nivel creativo, polo tanto, isto é impresionante. Hai unha morea de contidos que imos poñer en Rede que estarán suxeitos a transformacións, melloras e adaptacións ás características dos distintos centros. Por exemplo: un determinado proxecto ou estudo de defensa do medio ambiente non é igual ensinalo na Pontes de García Rodríguez ca en Marín ca en Burela. Cada centro adaptará os datos da Rede ás súas especiais características. E nós aproveitáremonos dese desenvolvemento para revertelo noutro caso, con outro centro.

"Dende os inicios do proxecto SIEGA no 98 conseguimos dotar ós colexios da seguinte infraestrutura: de 30.000 ordenadores, 6.000 impresoras, máis de 1.000 portátiles, proxectores de vídeo, escaners, cámaras web, acceso á Rede, etcétera. Todo este material foi dar a centros docentes de Educación Primaria e Secundaria traendo consigo unha situación que está nestes momentos nunha media de 10 alumnos por ordenador"

● **Un dos temas que máis preocupación orixina é**

a dotación informática dos centros. ¿Cal é a situación da infraestrutura e os plans da Consellería?

-Nós empezamos co proxecto SIEGA no 98. E dende entón investimos uns 44 millóns de euros. Con todo iso acadamos unha infraestrutura tecnolóxica importante, unha intranet considerable que chegou ser de 30.000 ordenadores, 6.000 impresoras, máis de 1.000 portátiles, proxectores de vídeo, escaners, cámaras web, acceso á Rede, etcétera. Todo este material foi dar a centros docentes de Educación Primaria e Secundaria traendo consigo unha situación que está nestes momentos nunha media de 10 alumnos por ordenador. Queremos ir mellorando esta ratio e para iso este ano en curso imos enviar 8.000 ordenadores e 2.000 impresoras máis ós colexios, e imos reforzar o parque de portátiles e permitir así unha atención perfecta ás escolas unitarias que teñen problemas de ubicación e equipamentos. Tamén imos crear redes locais e a ampliar a cobertura nas aulas mediante redes inarámicas. Queremos completar o programa XADE, que é o da xestión administrativa dos centros. O obxectivo a este respecto é o seguinte: que toda a información relacionada coa estatística dos centros entre en Rede en tempo real...

● **Póñalle, por favor, ós lectores exemplos concretos destas ferramentas.**

-Si, claro. Pensemos por exemplo nun neno que se matricula. Ben, pois co desenvolvemento destes programas, no mesmo momento en que se matricule estaranse a introducir os datos na Rede. O mesmo podemos dicir coas notas ó final do curso. En breve o noso departamento terá todo tipo de datos estatísticos sobre número de alumnos, aprobados, suspensos, proporción de sexos, características dos centros, dos profesores, etcétera. Camiñamos tamén cara a consecución do carné electrónico do alumno, que sería unha especie de documento onde gracias ás novas tecnoloxías teñamos dispoñibles en tempo real todos os datos do estudante que nos interesen no eido educativo. Cualificacións, notas medias, opcións que colleu no Bacharelato, profesores que tivo, orientación que se lle deu, enfermidades que padeceu, etcétera.





Un dos estudos máis chamativos presentado nas últimas semanas é o que analiza qué imaxe se proxecta de Internet dende diversas canles de radio e televisión do territorio nacional.

En primeiro lugar, o estudio parte dunha premisa interesante: para saber cómo é unha “cousa” (neste caso Internet, a falta doutro calificativo máis axeitado) ou persoa, o peor que se pode facer é preguntarlle a ela mesma.

Así que o estudio céntrase en interrogar ós que -cada vez máis- constitúen a competencia.

Sexa como sexa, hai opinións para todos os gustos: onde se ofrece unha visión máis negativa da Rede é nas cadenas de televisión do eido nacional, e onde mellor sae parada é nas canles rexionais (destacando as catalanas) e nas emisoras de radio en xeral. O estudio da empresa Accesogroup evidencia un gusto polo alarmista nas televisións.

Exemplos concretos e opinións dos xornalistas

O estudio de Accesogroup vén a confirmar o que xa moito supuñan: se un xornalista de determinadas canles de televisión do eido nacional ten que elixir entre a retransmisión dunha nova sobre o descubrimento dunha vacina a través do intercambio de información científica de Internet ou o de fabricación de armas de destrución masiva mediante a Rede, é moi posible que a inercia lle leve a decantarse pola segunda. Si se seguen ó pé da letra certos informativos (e é de supor que moita xente cre como certo todo o que lle din na televisión) entón, un internauta vén a ser pouco menos ca un pedófilo ou un terrorista. Pero cómpre pensar en casos concretos, para comprobar o que hai de certo en todo isto. Por exemplo, o pasado verán, nos informativos de Telecinco, procederon a explicar cómo obter todo tipo de información para fabricar armas químicas a través de Internet. “É tan doado como facer así”, dicía o presentador, e engadiu: “prememos *comprar* na web de Amazon.com”, e, a continuación, segue a informar cun paquete na man e continúa falando: “conseguimos este completo manual que ilustra a fabricación de armas químicas sen dar os nosos datos persoais gracias a Internet”. A polémica non se fixo agardar: se estea ou non se estea dacordo co uso de Internet, a redacción de nova é tan ambigua que case identifica a fase de preparación dun terrorista coa dun internauta. Trala emisión deste tipo de novas, non debe ser un disparate supoñer que existan pais e nais dabondo desinformados preocupados polo futuro dos seus fillos que lles impidan o acceso á Sociedade de Información. Así definiu o acontecemento un usuario (*adelgado*) de Internet: “Esta nova é como se dixeran que o culpable de que Hitler escribira aqueles libros fora a imprenta de Gutenberg”. Para rematar, e volvendo ó estudio de Accesogroup, cómpre dicir que aquel inclúe unha serie de declaracións de expertos a propósito das súas conclusións, dignas algunhas de ter en conta: “Lo curioso es que, como demuestra el Estudio, las noticias se decantan por lo más pintoresco, muy en consonancia con la línea actual de nuestros medios de comunicación audiovisuales.” Rafael Chamorro (www.astic.es), periodista especializado en Tecnoloxías de la Información. “Las conclusiones del estudio no dejan lugar a dudas: en los medios de comunicación tradicionales se habla (con honrosas pero raras excepciones) poco y mal de Internet. Y no debiera extrañarnos; la ignorancia, el rechazo y el creciente peligro que representa la Red para el negocio de la información son una mezcla letal”, José Cervera, www.perogrullo.com “Deberíamos dedicar parte de nuestros esfuerzos, incluido el económico, a que los profesionales de la comunicación entiendan estos beneficios fundamentalmente por tres razones: son personas, trabajan en empresas y tienen una gran capacidad de comunicación”. Miguel Pérez Subías, presidente de la Asociación de Usuarios de Internet (www.aui.es) “Internet está restando a la televisión cada vez más horas y adeptos, eso quiere decir que cada vez hay más internautas entre los profesionales de las televisiones y cada vez están más especializados o al menos Internet no les suena a “rayos y centellas”. Víctor Domingo, presidente de la Asociación de Internautas (www.internautas.org)

As televisións nacionais só se centran no negativo de Internet, segundo un estudio de Accesogroup



por REDACCIÓN

O estudio da empresa Accesogroup convida á reflexión. Nunha sociedade como a nosa, onde cada vez conta máis o que se conta sobre algo cás verdadeiras cualidades dese *algo*, faise aínda máis imprescindible unha investigación sobre os medios de comunicación deste país e o que opinan de Internet (a través do estudio falan os seus competidores). E o que opinan é moi variado, dependendo sobre todo de a cantos cidadáns chegan ou pretenden chegar (níveis de difusión), da calidade da audiencia e do desenvolvido que estea o territorio no que emiten esas canles de comunicación analizadas. O estudio comeza ó revés, cunha conclusión: “Constatamos que as informacións aparecidas sobre Internet en radio son máis rigurosas cás aparecidas no medio televisivo”. Para elaborar a investigación, delimitouse un período de 15 días, entre o pasado 1 de setembro e o 15 do mesmo mes. Contabilizáronse todas as novas emitidas que contiñan a palabra clave *Internet*, e 22 cadeas de televisión e 11 emisoras de radio (nacionais, autonómicas, locais e dixitais) serviron como escenario da investigación. O resultado é, cando menos, interesante, sobre todo cando se reflexiona no seguinte: ¿por que a visión máis negativa da Rede provén das canles de televisión, sobre todo das nacionais? De feito, un 30,91 do tempo adicado a Internet nestas cadenas está copado por informa-

cións negativas. Como excepción a esta liña de alarmismo (onde prima o sexo, a violencia, o pirateo, os ataques informáticos, a adición á Rede sobre calquera outro tema que poida ser considerado positivo) o estudio sitúa ó telediario de La 2, que por certo debe ser unha illa nun océano de información homoxénea e repetida ata a saciedade, pois non é a primeira vez que se constitúe como excepción dalgunha *norma*, e seguramente non será a derradeira. Sen embargo, tamén hai cadeas de televisión que non dan a entender ós cidadáns que non existen cuestións como a utilidade en Internet: axilidade de trámites administrativos, webs corporativas, información valiosa para a Sociedade, difusión da cultura, crecemento do comercio, comunicación instantánea con calquera parte do mundo, etcétera. Entre os medios televisivos que meirande imaxe positiva ofrecen da Rede atópanse os autonómicos, os dixitais e os locais: case a metade do tempo adicado a falar de Internet. Destaca ademais o tratamento das emisoras catalanas (TV3, C33, BTV e CTV), xa que case un 20 por cento da información total positiva se ofreceu nese país. Polo que respecta á radio, dicir que o tratamento é en xeral moito máis “rigoroso, extenso e profundo”. Segundo o estudio, un 37,15 por cento do total do tempo invertido en informacións positivas tivo a súa orixe nestas emisoras, destacando RN1, Onda Cero e Intereconomía á hora de proporcionar novas equilibradas.





Ingresos por publicidad: Esto no es lo que parece

Actualidad

Hace tan sólo unas semanas, la gente de Apple nos daba otro dato más sobre su ya famosa tienda de música. El propio Steve Jobs aprovechaba uno de los habituales eventos de la compañía para anunciar que su penúltimo éxito ya vende las tres cuartas partes de las descargas legales de música en la red. Tal vez parezca poco, pero si lo completamos con los datos que habíamos ido conociendo anteriormente sobre las ventas de la plataforma de descargas de la enseña de la manzana, no hace sino confirmar que una vez más la gente sólo estaba esperando a que alguien desarrollase un servicio interesante a un precio medianamente competitivo para empezar a consumirlo. En Apple han dado de lleno con el perfil del comprador de música a través de Internet, como ya hicieron en su día con aquellos que buscaban un ordenador sencillo de manejar, o después con aquellos a quienes les gustaba tener uno con un diseño atractivo, o cuando convirtieron sus ordenadores en objetos diferenciadores consiguiendo crear una creciente comunidad de "maqueros". Todos unos expertos en esto de la Nueva Economía, capaces de ganarle la partida al mismísimo Napster que, por mucho que se enfaden por un supuesto inflado de

por
David Lombardía
 david@elvilmetal.com
<http://www.EIVilMetal.com>

Haga la prueba y piense en varias webs de éxito. Ahora intente imaginar de dónde obtienen los ingresos que les permiten seguir vivas y puede que tal vez obtener beneficios. Si descarta las tiendas on-line, probablemente habrá supuesto que casi todas viven de la publicidad. Pero ¿no se trataba de un sector con unos niveles de competencia enormes e incapaz de sostener tantas empresas?

Efectivamente, a pesar de la recuperación experimentada por la publicidad en internet, el incremento del número de anunciantes que confían en la Red como soporte, y del paso de muchos a modelos de negocio más sofisticados, parece inevitable vincular a la mayoría de negocios en internet con la publicidad. Sin embargo, en muchas ocasiones ocurre que el negocio no está donde el observador cree ver desde cierta distancia con respecto a la empresa. Es el caso de, por ejemplo, las comunidades de opinión de compradores (ciao.es, dooyoo.es o livra.com), que a pesar de tener una importante facturación por publicidad gracias a sus elevados volúmenes de páginas vistas, no tienen su razón de ser en éstos, sino más bien en los servicios que prestan a las empresas, tales como encuestas o trabajos de campo para estudios de mercado. Es decir, a pesar de la apariencia de portal de contenidos y servicios a consumidores, la esencia del negocio es B2B. La pregunta que surge a continuación es cuál es entonces la utilidad de toda esa infraestructura que, por otro lado, exige unos costes dignos de tener en cuenta. Generalmente esta actividad enfocada hacia el usuario opera como una importante herramienta de creación de marca, la cara de la empresa hacia el exterior y la tarjeta de presentación a aquellas empresas que son potenciales clientes; así, el reconocimiento que obtienen por su actividad B2C en la red cumple cuando menos una doble función: por un lado facilita la venta de sus

servicios a otras empresas, y por otro genera una corriente de ingresos iniciales que constituyen el grueso de la facturación durante el periodo de creación de marca y una fase inicial en la que inevitablemente las ventas de la actividad B2B serán pequeñas o incluso inexistentes.

Claro que en ocasiones la actividad B2B no acaba de despegar y el B2C termina perpetuándose como la principal fuente de ingresos, como ocurre en muchas de estas comunidades de usuarios en las que todo se alfa para convertirlas en una buena fuente de ingresos publicitarios que las hagan sostenibles, ya que una vez desarrollada la infraestructura web del portal, los contenidos son generados por los usuarios siendo necesario incurrir tan solo en costes de mantenimiento y supervisión, mientras que el elevado número de usuarios, visitantes y páginas vistas y el hecho de que quien acude a ellas lo haga intentando tomar una decisión de compra, las convierte en soportes con una alta tasa de *click-through* y de *leads* con tan solo una adecuada implementación de los contenidos publicitarios. Son casos en los que la notoriedad de la marca B2C ha terminado por fagocitar el B2B, aunque lo más normal sería que la actividad que denominamos de B2B, la venta de servicios a otras empresas, hubiese ido adquiriendo importancia en la facturación de la empresa y desplazando a la primera y centrándose, por tanto, en lo que Alfons Cornellá llamaría su "código genético". Conocer este código, es decir, aquello que la empresa hace bien (mejor que nadie, tal vez) permite adivinar cuál es en realidad la actividad central de la empresa y cuál la que cumple una función de creación de marca, de tarjeta de presentación o de test de la tecnología que se pone a la venta, lo que a veces puede deparar pequeñas sorpresas a aquellos que se preguntan cómo determinada empresa puede mantener su plantilla y demás gastos operativos, ya que generalmente estas empresas son más conocidas por el servicio que prestan al gran público (y que generalmente es gratuito) que por los servicios que venden a las empresas, de la misma forma

que BASF era más conocida por sus productos de consumo (cd, cassettes, etc) que por los productos industriales que sirve a grandes empresas (lo que terminó haciendo que decidiesen cambiar el nombre de la división de consumo por el de EMTEC).

Es el caso de la española DiceLaRed (www.dicelared.com), un reciente caso de éxito en la creación de marca y muestra de la tecnología que revenden a otras empresas. Esta empresa, de reciente creación, ha conseguido una alta notoriedad gracias a sus gráficos dinámicos que muestran los temas más mencionados en Internet gracias a su software que recorre cientos de portales, foros y comunidades on-line. Estos resúmenes visuales de la opinión de la Red, que pueden agregarse a cualquier web de forma gratuita o pagando una pequeña cantidad, muestran la dirección de DiceLaRed y pueden incluir pequeños anuncios. Pero el negocio de la empresa no está ahí, sino en el alquiler de su software a otras empresas, es decir, en la elaboración de *netografías* por encargo para empresas que desean saber qué se opina de ellas en Internet: es la adaptación del negocio del *press-clipping* a Internet, pues probablemente existan bastantes empresas dispuestas a pagar por saber qué se está diciendo de ellas en la Red de la misma forma que se venía haciendo desde hace mucho con la prensa escrita. Sin embargo, sus gráficos sobre política, economía o nuevas tecnologías, presentes ya en multitud de diarios on-line y portales, han conseguido algo que cada día es más difícil para una empresa de reciente creación: conseguir demostrar que tu producto funciona y darlo a conocer masivamente. Todas estas empresas necesitan de una cierta masa crítica que sólo se alcanza gracias a la actividad B2C, de igual forma que muchos portales como Terra o Wanadoo no obtienen la mayor parte de sus ingresos de la publicidad sino de la venta de accesos a Internet, y es que en muchas ocasiones, el negocio no es el que parece. Y sino, haga la prueba y la próxima vez intente pensar de donde obtiene sus ingresos -si es que los tiene- esa web que acaba de conocer.



nova economía@



por **F. Javier Díaz López**
Banca Virtual
Caixa Galicia

Resulta evidente que Internet ha modificado muchos aspectos de nuestra vida cotidiana, facilitándonos la realización de tareas habituales de un modo sencillo, cómodo y seguro.

Así, podemos realizar la compra online, pagar los recibos de agua o luz, recargar nuestro móvil, comprobar nuestros pagos de la semana a través de la web de nuestra entidad financiera. Y todo ello con la ventaja de hacerlo desde el hogar o el trabajo, sin tener que ir al supermercado o a la sucursal bancaria, sin necesidad de hacer colas, soportar esperas ni adaptarse a ningún tipo de horario.

Sin embargo, la importancia de Internet ha ido mucho más allá y hoy en día nos facilita otro tipo de gestiones, que no por ser poco frecuentes pierden trascendencia. Entre este tipo de gestiones se encuentra la labor de **búsqueda, comparación y contratación de una hipoteca**, una de las decisiones más importantes a la que nos enfrentamos en algún momento de nuestra vida.

En este sentido, a la hora de obtener la financiación para la compra de una casa, Internet nos brinda una serie de ventajas y puntos que debemos tener en cuenta en la elección.

Guía de Compra de la Vivienda

La mayoría de las web especializadas ofrecen información de utilidad para los usuarios que tienen la intención de adquirir una vivienda.

Como ejemplo, en la web de Caixa Galicia (<http://www.caixagalicia.es>) podemos encontrar, entre otras utilidades, una guía para la compra de nuestra vivienda. En esta guía se prestan consejos sobre la elección de una casa, los aspectos a tener en cuenta de una hipoteca, los trámites que hay que llevar a cabo para su registro, los impuestos que afectan

Utilidades en la elección de la mejor hipoteca on-line. El ejemplo de Caixa Galicia

a este tipo de operaciones o los gastos asociados en los deberemos incurrir. Además, el internauta podrá encontrar una selección de las páginas de Internet más útiles relacionadas con la vivienda.

Lo ideal es disponer en un solo vistazo de las principales características de cada hipoteca que ofrece la Entidad, de forma que nos resulte sencillo compararla y encontrar la opción que mejor se adapta a nuestras necesidades.

más ventajosos del mercado online, con el que la Entidad ha concedido ya más de 160 millones de euros.

• Nuevas On Vivienda Mixta 2, On Vivienda Mixta 4 y On Vivienda Mixta 15

Para aquellos a los que preocupa una posible subida de tipos de interés, la Entidad ha creado varias hipotecas mixtas. Su atractivo reside en que, al combinarse un bajo tipo inicial con un plazo de hasta 35 años, nos aseguramos una atractiva cuota fija durante los primeros años de la operación, que es cuando nuestra capacidad de pago normalmente es menor. Así, podemos escoger, según nuestras necesidades, disfrutar de una cuota fija durante 2, 4 ó 15 años.

¿Qué cuota debemos pagar?

Otra de las herramientas fundamentales con la que contamos los usuarios de servicios financieros por Internet, y que supone una gran ayuda a la hora de plantearse la elección de uno u otro producto de financiación, son los **simuladores financieros**.

Caixa Galicia presenta 14 simuladores en su web, de los cuales 5 están relacionados con la compra de la vivienda, y con los que podremos calcular, entre otros, la cuota periódica que tendremos que afrontar o el ahorro que nos supondrá amortizar una determinada cantidad de la hipoteca.



Además, estas herramientas nos permitirán conocer el impacto en la declaración de la renta y las deducciones a las que tenemos derecho.

Contratación

Una vez que ya nos hemos decidido, tras haber analizado las diferentes ofertas, Internet vuelve a ser de ayuda y nos permite ponernos en contacto con la entidad financiera que hemos escogido, de manera que podemos solicitar el producto sin necesidad de desplazamientos ni restricciones horarias.

En este punto, a la hora de cumplimentar la orden de solicitud, es conveniente que tengamos a mano determinada documentación para aportar los datos con la mayor exactitud. En concreto, es aconsejable contar con el ejemplar de la declaración de la Renta y de Patrimonio, y además, en el caso de trabajadores por cuenta propia, con los datos de ingresos y últimos pagos fraccionados del IRPF.

La contratación de las hipotecas de Caixa Galicia ha de realizarse a través de Internet, en www.caixagalicia.es, a través de un sencillo formulario y en el que el usuario tiene a su disposición un Servicio de Ayuda Directa 902 20 91 66.

La Oficina Virtual de la Entidad, On Caixa Galicia, ofrece, además de productos de financiación de vivienda, préstamos al consumo y una gama de productos de ahorro de alta remuneración, dirigidos principalmente a un público que opera habitualmente en Internet y exige una operatoria ágil, eficiente y en condiciones preferentes.

Pasos en la Compra de la Vivienda

¿Qué es lo que hay que tener en cuenta a la hora de comprar una casa?

1. Elección de la vivienda
2. Escoger la hipoteca
3. Resolver la compra
4. Formalizar la hipoteca
5. Gestiones a realizar una vez en casa

Elección de la mejor opción

A la hora de decantarnos por una oferta de financiación u otra, disponemos en Internet de información útil que nos permite conocer las opciones que ofrecen las diferentes entidades financieras, sin necesidad de visitar decenas de oficinas. De esta manera, al contar con una buena base de información, podremos tomar una mejor decisión.



En este sentido, podemos estudiar el caso concreto del sitio web de Caixa Galicia (<http://www.caixagalicia.es/hipotecas>), analizando cada opción.

La gama de On Hipotecas, susceptibles de ser solicitadas a través de Internet y comercializadas a través de On Caixa Galicia, la Oficina Virtual de la Entidad, acaba de ser ampliada para adaptarse a las diferentes necesidades de los clientes, ofreciendo distintos plazos y condiciones:

• Hipoteca On Vivienda 0,50

Esta hipoteca permitirá asumir cuotas menores, debido a su reducido tipo (2,75% el primer año y Euribor + 0,50 el resto de los períodos) y a su largo plazo.

Se trata del producto hipotecario estrella de On Caixa Galicia, y uno de los



Empresarias de Pontevedra buscan solucións nas TIC para o comercio minorista

A Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE), en colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia, a través do Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia, participa no proxecto "Comerci@ -Alfabetización nas novas tecnoloxías das pemes e da sociedade galega" que se desenvolverá ata o vindeiro mes de setembro. Neste estudo, pioneiro en Galicia, analizaranse as necesidades prioritarias do comercio de detalle en Galicia e cómo as novas tecnoloxías poden axudar a superalas. A implantación das TIC neste sector podería ser unha solución viable para cubrir deficiencias e mellorar a competitividade das empresas minoristas fronte a forte implantación das grandes superficies comerciais.

Talleres de traballo cos comerciantes

O estudo de casos prácticos baseados en experiencias análogas realizadas anteriormente permitirá difundir entre os empresarios a utilidade real das TIC na resolución dos seus problemas. Precisamente neste sentido, e coa axuda da APE que servirá de enlace cos comerciantes, desenvolveranse paneis de expertos e grupos de discusión de usuarios para acadar unha alfabetización e sensibilización tecnolóxica do comerciante galego con respecto o uso das novas ferramentas.

O uso das TIC non se limita ó comercio electrónico. O potencial das TIC para favorecer o desenvolvemento empresarial reside na súa capacidade de reducir os custos das transaccións comerciais, e en facilitar unha xestión integrada das mesmas. Os custos de transacción redúcense, porque se automatizan nun marco de maior información, é dicir, foméntase o agrupamento de establecementos, o que redundará en gañancia de eficiencia por parte da unidade empresarial. Este aspecto, no caso do pequeno comercio é especialmente importante porque pode servir para alcanzar prezos máis reducidos na compra a maioristas de forma colectiva que individualmente non alcanzaría. A pesar disto, neste momento se vén producindo un importante desfase entre o seu uso por parte das grandes cadeas comerciais e a súa extensión no pequeno comercio.

Os responsables do proxecto, que conta cun presuposto de 76.000 euros, confían en acadar un plan de actuación viable que servirá de orientación e asesoramento para o comercio minorista galego. Definiranse as liñas de acción a seguir e as posibles solucións tecnolóxicas que resolvan os problemas aos que se enfrenta o sector e que poñan freo o proceso de perda de competitividade.

Esta iniciativa de APE vén a sumarse a outras que na última década amosan un espertar do pequeno comercio, da man de elementos dinamizadores. Nesta liña, comezaronse a poñer en marcha proxectos -centrais de compra, centros comerciais abertos- que veñen a compensar a dificultade de acceso a economías de escala por parte do pequeno comercio, como vía para competir coas vantaxes desenvolvidas polas grandes superficies. Así por exemplo, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio destina este ano un total de 6,3 millóns de euros a financiar a posta en marcha de Centros Comerciais Abertos, que se enmarcan dentro do programa Cuatrienal de Modernización do Comercio Minorista de Galicia 2001-2004.

Unha vez recompiladas as conclusións deste estudo, o traballo da Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra será fundamental para conseguir que a administración desenvolva proxectos encamiñados a mellorar a rendabilidade do pequeno comercio galego. Ademais, Comerci@ proporcionará unha identificación da situación actual do comercio en Galicia en relación co uso e o grao de penetración das TIC, que poderá ser aproveitada para o desenvolvemento de novas actividades do Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia orientadas ao fomento do negocio electrónico nas empresas.

Esta iniciativa, froito da capacidade dinamizadora da asociación presidida por Teresa Vidal Gallego, está financiada nun 70% polo Plan Galego de I+D xestionado pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de I+D.

O proxecto Comerci@ ten como obxectivos a identificación dos riscos e dificultades do pequeno comercio e a determinación de posibles solucións e alternativas baseadas nas novas tecnoloxías. A transformación comercial asociada á competencia global das grandes cadeas de distribución, e a aparición de novas formas comerciais (hipermercados, centros comerciais, parques comerciais, superdescontos, "cash and carry", outlets), introduciron unha dinámica de competencia á que en gran medida non se adaptou o pequeno comercio.

Todo isto derivou no peche de comercios tradicionais, proceso que se produciu con especial virulencia nos cascos históricos, en declive comercial. En xeral, adoita falarse nestes casos dunha falta de adaptación do pequeno comercio, afectado por problemas estruturais vinculados ó seu tamaño, pola estrutura da súa propiedade e polos niveis de profesionalización-formación dos seus xestores.

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia colabora na parte tecnolóxica do traballo de campo que se levará a cabo en toda Galicia, a través dunhas enquisas, facendo especial fincapé nas cabeceiras de comarca, que nos últimos tempos experimentaron un incremento dos hábitos urbanos. Segundo datos da Federación Galega de Comercio, na nosa comunidade existen 47.000 pequenos establecementos, que dan traballo a 130.000 empregados e que poderían beneficiarse dos resultados deste estudo. Na actualidade estes negocios fundamentan o seu éxito competitivo na calidade do servizo, a proximidade e o trato directo co cliente.

Unha empresa ferrolá deseña unha ferramenta para optimizar o uso das novas tecnoloxías na xestión dos concellos



Os problemas de modernización dos concellos galegos son, nalgúns casos, dabondo considerables. Por se isto fora pouco, as iniciativas dos órganos municipais por subirse ó carro das novas tecnoloxías poden chegar a ser de carácter tan individual que dificultan a homoxeización dos servizos e a interrelación cos cidadáns. Para contribuír a solucionalo, e darlle un novo pulo ó sistema administrativo local galego, a empresa ferrolá Acordar desenvolve un proxecto para axudar ós concellos galegos a asentar gran parte da súa xestión sobre un soporte electrónico. Asemade, estas novas solucións contribuirían a unha estandarización dos servizos públicos.

por **REDACCIÓN**



Na actualidade, os concellos galegos padecen fortes carencias no que se refire á modernización da súa xestión. Algúns crearon webs públicas de xeito autónomo e independente e acollen con moi desigual presenza as tarefas administrativas e a relación coa cidadanía. Por outra banda, calquera intento dos que se están proxectando de coordinación entre administracións públicas pasa porque se definan uns estándares de relación que poidan integra-las diferentes linguaxes e sistemas da administración local. A empresa ferrolá Acordar lidera un proxecto de I+D para deseñar estándares e ferramentas versátiles que permitan integrar un número maior de trámites electrónicos. A iniciativa, respaldada polo Programa de Servizos ó Cidadán do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, parte da máxima de que estas aplicacións deben ser escalables e respecta-los distintos sistemas de traballo actuais das corporacións municipais no que fai referencia á súa organización

interna, ós seus usos informáticos e á planificación e desenvolvemento das súas webs públicas. Os responsables do proxecto consideran que esta mellora da administración electrónica cara unha estandarización se traducirá nunha mellora na relación cos cidadáns.

Colaboración co CESGA

Para a realización deste proxecto a empresa conta coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), que se encargou de desenvolver varios estudos sobre formatos apropiados, seguridade e instalación dalgunhas ferramentas en proba, así como dos labores de seguimento sobre a execución do produto.

Na primeira fase da investigación, iniciada en xaneiro de 2002, determináronse os traballos de programación e deseño para dispoñer dunha ferramenta de edición colaborativa co fin de que os distintos sectores tivesen un procedemento progresivo. Nun segundo estadio, pasouse á comprobación e avaliación do prototipo da ferramenta, así coma ós traballos de desenvolvemento aplicados sobre as tres corporacións municipais que se utilizaron como punto de partida no proxecto: Vigo, Ferrol e As Pontes. O obxectivo do proxecto é, en resumo, a creación dunha ferramenta que modifique os procedementos administrativos e o sistema de traballo dentro das institucións locais. O seu deseño permitiu avanzar na concepción dun sistema de administración *on line*, con múltiples xestións e trámites, realizados en función do aspecto comunicativo da organización e atendendo á entidade de cada concello en particular. "Trátase dunha ferramenta modular, cada concello decide o paquete que lle interesa. A finalidade é, basicamente, definir ese espazo en branco que queda entre a intranet e internet e establecer unha linguaxe que poida beber os datos de información, transformalos e transmitilos", asegura Xabier Cid, director de contidos de Acordar. O produto final estará condicionado polo tipo de administración na que se implante. Tal e como foi concibido en orixe, ten aplicación


fundamentalmente nos concellos, tanto para a súa relación interna como para o trato cos cidadáns. Sen embargo, os resultados do proxecto poden trasladarse a outras administracións e institucións de certa complexidade cunha vixencia a longo prazo.

Aplicación inmediata

Dos traballos realizados derivase a execución dun prototipo estable testado sobre tres modelos de corporacións municipais distintos, co apoio previo dunha normalización dos trámites administrativos. O prototipo actuará en dúas direccións: dunha banda, cara a propia administración, organizando a comunicación interna e o trafego de traballos e respectando as ferramentas estándar de comunicación, información e axuda; doutra banda, cara á cidadanía, pois dotará as administracións de utilidades de xestión para publicar información na web pública.

"O uso desta ferramenta supón unha importante mellora nas capacidades de xestión administrativa, tanto a nivel interno como cara os cidadáns, e constitúen un importante aforro para as institucións públicas que o empreguen. Os rendementos do traballo serán moito maiores, prodúcese unha información de máis calidade e facilítaselle o traballo ós distintos departamentos do concello", asegura Xabier Cid. Acordar Comunicación en Internet é unha peme galega con dúas sedes, en Ferrol e Compostela, que se dedica á creación de ferramentas informáticas dirixidas a internet, ó deseño de páxinas webs e aplicacións web avanzadas. Ademais, desenvolve unha liña de traballo orientada á asesoría para grandes empresas e institucións públicas para a implantación da sociedade da información e a comunicación a través da rede.





por REDACCIÓN

Nove meses despois da inauguración do Punto Neutro de Intercambio da Internet en Galicia (GalnIX), en abril de 2003, son xa milleiros os usuarios que se benefician das vantaxes que este aporta, ao mellorar o funcionamento da rede na comunidade e permitir acceder con maior facilidade aos datos emprazados en Galicia.

GalnIX, situado no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e xestionado por esta mesma institución, encamiña localmente o tráfico que circula pola Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (Recetga) e as cinco operadoras conectadas a el – Comunitel, Jazztel, Auna, Retegal e R- creando unha especie de “intranet” dentro da comunidade. Deste xeito, evítase o absurdo de que a información con orixe e destino en Galicia teña que ser desviada ata Madrid e traída de novo. O resultado deste, é que as empresas e abonados residenciais que acceden á internet a través das operadoras conectadas a GalnIX poden visitar con maior facilidade os recursos galegos.

Un punto neutro consta dun conmutador central e un router

ou encamiñador para cada un dos operadores conectados a el. Estes operadores establecen acordos de intercambio de datos entre eles, para facilitar a circulación de información entre as súas redes. Por esta razón, cantas máis operadoras se sumen ao GalnIX, máis efectivo será este.

Este tipo de infraestruturas non só son beneficiosas para aqueles internautas que fan un uso directo delas senón que, ademais, propician un mellor funcionamento de toda a Internet, xa que contribúen a alixeirar o tráfico nas redes troncais, que unen unha zona determinada co resto do mundo, e permiten que os datos circulen a unha maior velocidade. No caso de Galicia, o punto neutro fai posible que o tráfico con orixe e destino dentro da comunidade quede nela. Deste xeito, descárganse as liñas de conexión con Madrid, mediante as que Galicia se une co exterior e que sempre resultan escasas.

En España, son xa tres as comunidades que dispoñen dun punto neutro propio, conscientes do beneficio que isto supón tanto para os usuarios como para as operadoras locais. Ademais de Galicia, este é o caso de Cataluña,

GALNIX: nove meses a pleno rendemento e 112 Terabytes intercambiados

na que funciona o CatnIX, e Euskadi, que conta con EuskonIX.


Un período de constante crecemento

A pesar de que aínda non hai un ano que o GalnIX foi creado, o volume de información intercambiado no seu seo acadou xa os 112 terabytes, unha cantidade de datos equivalente a case 240 millóns de exemplares de “Don Quijote”. Máis importante que esta cifra é o feito de que o tráfico non deixou de medrar no punto neutro dende que

este comezou a funcionar; máis da metade (un 53 por cento) dos datos que circularon polo GalnIX foron transmitidos nos últimos catro meses.

Así, en novembro e outubro, o tráfico acadou os 15 terabytes de datos, mentres que en abril, mes no que o punto neutro foi posto en marcha, a información transmitida foi a penas de 8’4 terabytes. O tráfico máis intenso rexistrouse en setembro, durante o que se intercambiaron 15’2 terabytes de datos.

Os abonados galegos son cada vez máis conscientes das vantaxes de contratar o servizo con operadoras conectadas no GalnIX



**PUNTO NEUTRO
DE INTERCAMBIO DE TRÁFICO
DE INTERNET EN GALICIA**

**AS OPERADORAS CO ACCESO
MÁS RÁPIDO AOS CONTIDOS GALEGOS**

Dende o pasado abril, o Galnix serviu para transmitir unha media de 12'4 terabytes ao mes.

Por outra parte, a análise das estatísticas correspondentes aos últimos meses reflicte que unha grande parte dos usuarios do Galnix se serven del para acceder máis facilmente a recursos subministrados pola Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, coma documentación, cursos ou conferencias. Sinal desto, é que as tres cuartas partes dos datos que saen do punto neutro proceden da RECETGA.

Deste feito, dedúcese que unha ampla porcentaxe dos internautas galegos acceden periodicamente a contidos proporcionados pola rede de investigación galega. Así mesmo, moitos dos usuarios das operadoras conectadas ao Galnix, xa sexan particulares ou empresas, se ven beneficiados por el, en tanto que poden acceder dun xeito moito máis rápido a tódolos recursos que a RECETGA lles ofrece.

O caso de Cataluña

O punto neutro máis antigo de España (exceptuando ao Espanix, que serve a todo o estado) é o Catnix, emprazado no Centre de Supercomputació Catalunya (CESCA) en Barcelona. Creado en abril do 1999, o punto neutro catalán fixo posible durante o 2003 o intercambio de 667,75 terabytes de datos.

Este punto neutro inclúe a rede de centros de investigación de Cataluña -a Anella Científica-, a RedIRIS, a varias operadoras nacionais, entre as que se contan Telefónica, Vodafone, Jazztel e Auna e a un grande número de "carriers" internacionais, coma BT Global Services, Easynet ou Colt.

Os datos de intercambio de información do Galnix son esperanzadores se se comparan cos do punto neutro catalán: no 2001, cando xa levaba case dous anos funcionando, o tráfico do Catnix a penas acadaba os 61 terabytes, fronte aos 112 terabytes de información transferidos no seo do Galnix nove meses despois da súa inauguración.

En canto ao número de operadoras asociadas, sen embargo, a comparación resulta menos agradecida. No 2003, eran xa dezasete as compañías do sector conectadas ao Catnix, fronte ás seis coas que conta o Galnix.

José Carlos Pérez explica que isto obedece, sen dúbida, a razóns xeográficas, xa que o emprazamento de Barcelona, próxima a Francia e Italia, atraeu a unha grande cantidade de operadoras internacionais.

A pesar desto, recorda, "a grande implantación da que goza o Catnix débese tamén nunha enorme parte ao esforzo realizado pola Generalitat, que dende o principio apoiou o proxecto e animou ás operadoras con presenza en Cataluña a asociarse ao novo punto neutro".

Así as cousas, parece claro que Galnix está a cumprir a súa función con normalidade e que o tráfico intercambiado continuará medrando.

"O punto neutro, método natural de vertebración e crecemento de Internet, está a desempeñar unha importante función en Galicia, porque son cada vez máis os usuarios que se están a beneficiar dunhas comunicacións máis rápidas", explica o representante de Comunitel na Comisión Técnica do Galnix, Tomás Lestayo.

"O que está por decidir -engade- é se, nos próximos anos, estes beneficios se van estender a todos os galegos ou van seguir restrinxidos a aqueles abonados máis informados e, polo tanto, máis conscientes das vantaxes de contratar o servizo con operadoras conectadas no Galnix", e todo eso, asegura, "dependerá do esforzo que se faga no presente".



JUAN MARIN CRUZADO

Miembro de la Comisión Administrativa de GALNIX en representación de AUNA

¿Qué balance hace usted de los primeros meses de funcionamiento del Galnix?

El funcionamiento del Galnix ha sido el lógico en el período de puesta en marcha de un proyecto de este estilo, y en él ha destacado el protagonismo del CESGA, que ha aportado una muy buena gestión.

¿Cómo cree que se podría mejorar el funcionamiento del Punto Neutro?

La mejora pendiente del Galnix vendrá apoyada en su propio desarrollo asociado al objetivo de intercambio de tráfico entre operadores, es decir, es conveniente que se acelere la incorporación de nuevos operadores, que hagan aumentar los caudales de tráfico intercambiado en el Punto Neutro.

¿Con qué aspecto de él está más satisfecho?

Con la gestión que está realizando el CESGA.

¿Se han cumplido durante este período las expectativas de los fundadores del Punto Neutro?

Realmente esperábamos mayor presencia de operadores y también mayor repercusión nacional del Punto Neutro Gallego, como punto de referencia para instituciones y agentes.

¿De qué manera cree que está beneficiando a Galicia esta nueva infraestructura?

El verdadero beneficio para Galicia exige que se sitúe como punto de referencia en cantidad y calidad del uso de internet por las empresas y particulares gallegos. Para ello el Punto Neutro Gallego supone una iniciativa imprescindible, aunque debe ir acompañada de otras muchas para que verdaderamente el primer objetivo se pueda cumplir. Echo de menos una mayor repercusión en foros y medios nacionales de la existencia del Galnix, como contribución a la necesaria referencia que debe ser Galicia, como región inquieta y comprometida con el desarrollo de la sociedad de la información.



Obxectivos para un mellor funcionamento

Aínda que o uso do punto neutro aproxima ao usuario os contidos locais e repercute positivamente no funcionamento de toda a rede, aínda poderían mellorarse os seus beneficios para os internautas galegos.

Os socios do Galnix sinalan que Galicia obtería do punto neutro un beneficio moito maior se contase coa presenza das restantes empresas do sector. Por este motivo, esperan que as operadoras que aínda non están conectadas ao Galnix se sumen a el nun futuro próximo.

Antonio Rodríguez del Corral, representante de R no Comisión Administrativa do Galnix, explica que o principal obxectivo do punto neutro no seu segundo ano de vida é incrementar o tráfico intercambiado entre as operadoras presentes e conseguir integrar as que aínda non están conectadas ao punto neutro.

"A máis longo prazo -engade- pódese pensar en desenvolver servizos específicos para internautas galegos, avanzando cara a unha especie de intranet galega de contidos autóctonos, sen esquecer, por suposto, os contidos universais que sempre deben estar dispoñibles coa máxima calidade."

Asegura que "as empresas debemos facer un esforzo cedendo parte do noso interese como transportistas para axudar ó desenvolvemento de Internet en Galicia; conseguir que tódalas operadoras representativas na nosa comunidade estean conectadas só beneficia aos usuarios, xa que tanto o tráfico entre os internautas galegos como o acceso aos contidos localizados na comunidade será, deste xeito, máis veloz que agora"

Pola súa parte, o responsable de redes do Cesga e membro da Comisión Administrativa do punto neutro galego, José Carlos Pérez, fai fincapé nas vantaxes que este punto neutro lles reporta aos membros da comunidade universitaria e, en xeral, a todos aqueles usuarios interesados en acceder aos contidos xerados polas universidades galegas.

Para Pérez, "Galnix resulta especialmente útil para as persoas que, polo seu traballo ou por outros motivos, recorren con frecuencia a servizos da Universidade".

Aclara que "a RECETGA -a rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, que une a práctica totalidade dos centros de investigación da comunidade- está conectada ao punto neutro"

e explica que, gracias a isto, os usuarios que navegan pola Internet a través de calquera das operadoras que tamén forman parte del "poden acceder con moita máis rapidez e seguridade aos recursos subministrados pola Rede de Ciencia e Tecnoloxía". Sen embargo, aínda que os membros do Galnix coinciden en afirmar que os resultados obtidos nestes primeiros meses de vida son "máis que satisfactorios", o certo é que o punto neutro galego está aínda moi lonxe de outros, coma o catalán, tanto en implantación como en volume de datos intercambiado.


Para os representantes das empresas participantes no punto neutro, isto só o pode remediar o tempo e unha aposta decidida das operadoras que desenvolven o seu negocio dentro da comunidade por esta infraestrutura, vital para Galicia.

Demasiada comunicación: fonte de conflictos

Tampouco se pode deixar de lado a presión dos radioaficionados. Poucos colectivos, ó longo da historia de Occidente, se veñen amosando tan unidos nos seus obxectivos e intereses. Todos eles, incluídos os españois (cómpre pensar na Unión de Radioaficionados de Zaragoza, cidade onde se levou a cabo a comercialización a pequena escala do PLC), coinciden no perigo que representa unha violación da banda de onda corta (de 3 a 30 Mhz). Afirmar que a implantación masiva desta tecnoloxía alterará a operatividade da onda corta no eido internacional, que é tradicionalmente utilizada para as comunicacións marítimas, aeronáuticas, militares e tamén para investigacións científicas (radioastronomía e xeofísica). O resultado de converter un cable eléctrico escasamente illado en canle de telecomunicacións é o seguinte: interferencias.

Os cables funcionan como antenas. Dicar que neste momento se está producindo unha especie de guerra entre eléctricas e usuarios de onda corta pode parecer esaxerado, pero é que non se atopa outro calificativo sendo como é unha loita radicalmente divisoria, sen a penas posibilidade de diálogo entre as partes: paradóxicamente non hai comunicación cando o que ambas partes o que intentan é fomentala e perpetrarla. Comunicación contra comunicación. Chegados a este punto, ¿cal será a posición do Goberno español no caso de que o conflito de intereses se afiance? Polo momento, a Comisión Nacional da Enerxía deu o seu visto bo ó PLC, pero con reservas. Asegura que dende o punto de vista xurídico non hai impedimento algún, pero tamén esixe un meirande control sobre este servizo por parte das eléctricas (Endesa, Iberdrola e Fenosa), e piden que estas novas prestacións non afecten ás vellas: o subministro eléctrico en condicións. Polo momento, das tres empresas devanditas, a que máis vantaxe leva é Iberdrola, que en novembro xa comercializaba os enchufes intelixentes en varios barrios de Madrid.

Os clientes, que son os que ó final en teoría deberan ter a última palabra son taxantes: atópanse satisfeitos. Sexa como sexa é moi probable que dende esta revista non sexa a derradeira vez en que se fale do Powerline, unha aposta comercial que xa existe dende hai 15 anos e que permanece (sempre de actualidade) na antesala do éxito como unha promesa aprazada ata nova aviso.



por REDACCIÓN


O seu nome oficial é Powerline Communications. PLC, para abreviar. No número 12 de Código Cero ofreceuse un amplo reportaxe sobre as características desta tecnoloxía. Nesta segunda parte daquel artigo non se incidirá tanto sobre as súas vantaxes teóricas (acceso a Internet dende calquera enchufe, máis velocidade, menos desembolso económico) como nos aspectos prácticos e en resolver algunhas preguntas: ¿por que, se todo son vantaxes no PLC, non se comercializa masivamente este servizo?, ¿por que se deixou de implantar en Alemaña e Francia?, e sobre todo (polo que ten de actualidade), ¿por que ós radioaficionados de todo o mundo se lles tensan os nervios cando escoitan falar desta tecnoloxía? A maiores, habería outra cuestión á que se responderá co paso do tempo: ¿como lle pode sentar a unha firma de telecomunicacións que unha eléctrica lle pise a punta dos zapatos ofrecendo produtos similares por vías diferentes (os enchufes)?, ¿que medidas tomarán?, ¿que puideron pensar cando Miguel Fernando Bataller, catedrático de Comunicacións da Universidade Politécnica de Valencia asegurou que onde haxa un enchufe haberá Internet e que en moi pouco tempo se poderá acceder de forma xeralizada

Powerline Communications: ¿promesas na bandexa de saída?

á Sociedade da Información a través do tendido eléctrico? O que si que se sabe é o que pensaron os internautas e xornalistas dixitais coma os de Baquia.com, que precisamente titularon un artigo do pasado 13 de novembro desta esclarecedora maneira: “El Internet eléctrico da risa”. Ó seu xuízo, as eléctricas non só teñen outras prioridades senón que os investimentos son máis grandes do que pode parecer a primeira vista. “Unha cousa”, afirman, “é que exista a tecnoloxía que o fai posible, que si que existe, e outra, moi diferente, o investimento necesario para que unha eléctrica poda ofrecer estes produtos a tódolos seus clientes”. Xornalistas dixitais e internautas (por exemplo os propios membros da sempre combativa Asociación

de Internautas) coinciden noutro punto: se o PLC non safu adiante en Alemaña e Francia, por algo será. No país xermano, hai algo máis dun ano, o proceso de implantación de Powerline recibíuse como un fenómeno imparabile. Agora as cousas pintan diferente, xa que a enerxética RWE deixou de lado o negocio logo de cablear a nada desprezable cifra de 110.000 fogares. Na renuncia a este negocio é probable que influíra, de maneira máis ou menos directa, o poder de oposición da empresa de comunicacións Deutsche Telekom, teoricamente nada favorable á ceder terreo a favor dos enchufes. En Francia puido ocorrer tres cuartas partes do mesmo con France Telecom.

A tecnoloxía Powerline, a que permite un acceso ós servizos de Internet a través da rede eléctrica (enchufe=Internet), parece estar máis ca nunca no eixo da polémica. Malia o relativo apoio a esta tecnoloxía amosado pola Comisión Nacional da Enerxía (CNE) e malia que os clientes que disfrutaron deste servizo (en Zaragoza ou Madrid) amosáronse satisfeitos, o certo é que moitos especialistas coinciden en que o armazón sobre o que sustenta a afianzamento real e masivo do Internet eléctrico semella apoiarse en algo tan pouco firme coma o aire. Ademais, ó Powerline saíronlle dende hai tempo inimigos, os radioaficionados, colectivo unido e sólido dende onde se asegura que esta tecnoloxía PLC “viola e contamina a banda de onda corta”.



Vacas Sagradas



por
Manuel Gago
magago@usc.es

Como hoxe me sinto medio gurú –unha vez ao ano non fai dano-, apetécceme profetizar un pouco sobre o 2004 na Internet galega. Este será o ano da comunicación interpersonal, dos weblogs, e voules explicar por que. Teño o serio problema de que as miñas afeccións están relacionadas co meu ámbito de traballo habitual. Así que no meu tempo libre decidín montar un blog, non fora ser que perdera contacto co meu medio habitual de traballo. E na Universidade tamén decidimos impartir este ano un módulo de bitácoras, porque esa sería unha das posibles traducións do termo á nosa lingua. Unha bitácora, un diario persoal, un caderno dixital de apontamentos. Eu xa ía con tempo de probar. Ao final, vacilante, decidínome a picar nos Flandes dixitais. Na blogosfera, como din algúns, “ser outra vaca no blogmillo”, que diría a blogueira Totonada (todonada.blogspot.com). E me sinto moi a gusto. É doado, limpo e terriblemente divertido.

En xeral, na maior parte dos casos, crear un blog non é máis que un bo propósito, coma ir ao ximnasio, sorrir á xente ou lembrarse de felicitar os cumpreanos. Coñezo moitas bitácoras con primeiras entradas máis ou menos ambiciosas e logo unha difícil e longa agonía de ligazóns, pequenas entradas ata o desvanecemento e a mudez final. Pero tamén coñezo outras que se actualizan cunha disciplina militar, rígorosa, e cada unha das súas entradas está esculpida a pesar da súa aparente espontaneidade, convertendo cada pequeniño paragrafo hipervinculado nun texto labrado por canteiros de pro e prosa. Un blog é –aparente- liberdade de expresión, comunicación unipersoal, canle de intercambio de ideas activas. Góstanme os lategazos de expresividade, os salpicos de realidade, a pementa das relacións humanas. Moitas veces, máis que a entrada en si, son máis interesantes os comentarios dos lectores. E, ás veces, as batallas, discusións, apontamentos que falan entre liñas ou tan claramente como a auga –destilada. Hai unha certa sensación de entrar en vidas privadas, pero ás veces, e quedome con iso, o pracer consiste en percibir o mundo, o mesmo mundo no que un vive, a través dos ollos doutra persoa. Coma unhas gafas dixitais. Unha das tendencias tecnolóxicas do vindeiro ano, segundo o Mercury News, serán os Vlogs, é dicir, as bitácoras feitas con vídeo. Súmanse aos fotoblogs ou os audioblogs. Paga a pena mergullarse por aí e sorprenderse con eles.

Nun momento no que os sitios web en galego, por desgraza, esmorecen e desaparecen ao cabo do tempo, no país estamos a vivir un auxe da comunicación interpersonal. Hai unha grea de valentes amoreados en blobaliza.org, vencellados polo emprego do galego como canle de comunicación e contando a vida ao seu xeito. Non sei ata onde chegan as cousas en común, e onde se separan e diferencian, e nin sequera sei se importa. Pero é un dicir xeneralizado que este mes pasado de decembro unha vaga de novatos desembarcamos nestas terras do ciberespacio para probar sorte neste xeito telegráfico de contar. As cifras son modestas, coma todo o relacionado con Internet en Galicia: 29 blogueiros, en cadanseu estilo, modo, forma. E moito, pero que moito, talento. A escachar. Na actualidade, blobaliza prepara un redeseño para acollerse aos novos tempos, nestes nos que hai máis xente, máis diversa e expertos veteranos blogpatriarcas con moi bo talante para axudar aos novos. Moita sorte, blogmilleiros. Benvidos, os que chegedes dende agora.



por
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

Gravadoras DVD

As gravadoras de DVD están de moda. Hai ben pouco tempo eu mesmo desaconsellaba mercar unha, xa que con tres importantes formatos no mercado, incompatibles entre eles, non se podía saber moi ben quen resultaría vencedor.

Pero unha vez máis o mercado ditou a súa lei e, dunha forma ou outra, o problema parece resolto. Un dos formatos –o DVD Ram- ten tan pouca implantación no mercado europeo que case o podemos dar por desaparecido na liorta. A súa incompatibilidade cos reprodutores domésticos de DVD parece ser moita rémora para un formato polo demais moi interesante para o manexo de datos.

A loita entre os dou galos sobreviventes no curral –DVD-R/RW e DVD+R/RW- prometía ser sanguenta, pero chegou con que un fabricante tivese o atrevemento de sacar ó mercado unha unidade que funcionase cos dous formatos para que a guerra rematase case antes de ter empezado. Como era obvio para calquera, menos para as mentes pensantes da industria, o usuario decide sempre non arriscarse con posibles incompatibilidades e acabar perdendo cartos. Polo tanto, neste momento, ata os fabricantes máis comprometidos con algún dos formatos están facendo unidades que aceptan ambos. Parece claro que, non tardando, no mercado só habrá este tipo de aparellos.

Poderíamos ser malos e proñoer

algunhas razóns polas que aínda sigamos vendo actitudes empresariais que, como mínimo, parecen encamiñadas a complicar o máis posible a vida ó usuario, e para os peor pensados enganar sinxelamente ó, unha vez máis, sufrido consumidor. Pero é perder o tempo, porque, se cadra, é soamente unha estreiteza de miras, ou algún intento de guerra comercial destinado máis ben a se amolaren entre eles que ó usuario.

O caso é que xa podemos mercar unha gravadora de DVD con certa tranquilidade. Non moita, porque xa están no horizonte novidades que rematarán facendo vellas as nosas flamantes unidades en moi pouco tempo. Pero ben sabedes que esta é a primeira lei do mercado tecnolóxico que debemos aceptar. Aproveitemos o momento sen pensar nese futuro.

Despois deste longo limiar vén o fundamental: ¿por que mercar unha gravadora de DVD?. ¡Ah!, alédomo de que me fagades esta pregunta. Pois porque xa teñen un prezo aceptable, porque son tan doadas de empregar como as de CD, porque son fiables e, sobre todo, porque abren todo un mundo de posibilidades moi interesantes. Se vos parece, imos explorar estas posibilidades e nun artigo posterior falarei das ferramentas para levalas a bo fin.

O primeiro que hai que dicir é que as gravadoras de DVD tamén gravan CDs, polo que non hai por

que ter as dúas. De tódolos xeitos, é recomendable ter polo menos unha unidade lectora de DVDs tamén, porque hai procesos de lectura e escritura moi esixentes coa mecánica das unidades. É mellor repartir un pouco o traballo.

O que lle dá á gravadora de DVD a versatilidade que ten é, claro, a capacidade do soporte. Se un CD pode conter ó redor de 700 Mb de datos, un DVD chega os 4.7 Gb, é dicir, case sete veces máis no mesmo espazo, polo que podemos facer máis cousas cos datos. Por exemplo, o que falamos no artigo anterior: as copias de seguridade son moito máis sinxelas de facer; en poucos discos podemos copiar todo o contido dun disco duro.

Pero tamén podemos aforrar espazo nos nosos superpoboados estantes. Os CDs coas fotos, audio, imaxes, etc. poden agruparse e distribuírse en DVDs, que nos deixarán moito sitio baleiro para seguir enchéndollo con máis datos nun proceso sen fin...

Pero no que son totalmente imprescindibles os DVDs é no procesamento da imaxe. A cantidade de datos que se manexa no vídeo máis simple e pequeno é enorme, e soamente neste soporte podemos gardar unha cantidade de tempo apreciable con moi boa calidade de imaxe. Ó redor das dúas horas, coa compresión estándar, por disco. Polo tanto, os afeccionados ó vídeo caseiro, os fanáticos da cámara, castigadores

de veciños, familiares e amigos con infumables reportaxes das vacacións do verán, xa teñen escusa para realizar atractivas montaxes no ordenador e posteriormente pasalas a un DVD que incluso poderán enviar por correo, para que ninguén quede ignorante da súa mestría na realización. Bromas á parte, un DVD pon as cousas moito máis doadas ó afeccionado ó vídeo.

Hai que recordar que tamén podemos traballar con algún outro formato de compresión de vídeo, DivX por exemplo, o que nos deixaría gardar ó redor de 12 horas nun só DVD. Téndonos a precaución de mercar un reprodutor “de salón” que acepte este formato, podemos, se queremos, ver vídeo ou películas ata que caian os ollos ó chan..

E xa para rematar, falando de películas, está o tema de copialas. O que se chama “copia de seguridade”, e o que a SGAE chama pirateo. A ninguén se lle escapa que pode ser unha poderosa razón para mercar a gravadora, se cadra en moitos casos a principal. Ben, non vou entrar moito nesa posibilidade; só recordar que os DVDs de películas son distintos ós gravables, teñen moita máis capacidade, polo que o paso dunha película orixinal a un DVD gravable é un proceso que pode esixir ferramentas e coñecementos que non teñamos. Aínda que, se buscamos un pouco, están moi á man.

Practicamente tódolos idiomas importantes contan xa con algunha síntese de voz polo menos aceptable, pero imos botar unha ollada ó proxecto "Cotovía", desenvolvido pola Universidade de Vigo e Santiago, co apoio do Centro Ramón Piñeiro.



[www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia.gl.html](http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/gl.html)

"Cotovía" é un conversor en Galego e Castelán co que se pode experimentar en <http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html>. Trátase dun avanzado conversor que, ademais do idioma, permite elixir o tipo de conversión: por difonemas (parte final de un fonema maila inicial do seguinte), ou o máis avanzado, baseado en corpus (colección de unidades fonéticas, pausas e movementos tonais da fala). Este conversor tamén nos permite probar diferentes tons e velocidades de dicción (soamente na conversión baseada en difonemas), e conta cunha voz masculina (Freire) e unha feminina (Rosa) no idioma galego. En castelán as voces son unicamente masculinas (Freire e Paulino).

O resultado da conversión é satisfactorio dabondo como para animar ós seus promotores ó seu desenvolvemento e mellora. Pero, incluso en comparación co que hai noutros idiomas ou conversores comerciais, ten a calidade suficiente como para empregalo tal como está.

Por se queremos comparar ou experimentar con outros idiomas, temos algúns outros enderezos interesantes:

<http://www.research.att.com/projects/tts/demo.html>:

Os laboratorios de AT&T, empresa telefónica norteamericana, desenvolveron un conversor moi aceptable do que en inglés se denomina TTS (text to speech). Traballa con cinco voces en inglés norteamericano, dúas francesas, alemás e inglesas da Gran Bretaña e unha en español latinoamericano.



http://sayso.elan.fr/interactive_va.asp:

Sayso é un conversor comercial que ten nesta páxina unha "demo". Traballa con dúas voces inglesas norteamericanas e dúas de inglés da Gran Bretaña. Tamén voces en alemán, francés, español e italiano. Podemos axustar a velocidade da dicción e o ton. A conversión resulta un pouco máis artificial que as anteriores.



<http://www.gtc.cps.unizar.es/~eduardo/investigacion/voz/ctv.html>:

Esta páxina ten un conversor en castelán unicamente, e non demasiado bo precisamente. Pero explica detalladamente o proceso de conversión, a xeración de fonemas e demais pasos necesarios para desenvolver a conversión texto a voz.



barlovento

Conversión de texto a VOZ

A conversión do texto escrito en verbas recoñecibles é un proceso máis complexo do que se podería pensar. Non se trata soamente de "traducir" a escrita en verbas, unha por unha; a entoación, os silencios, a acentuación e a cadencia forman parte tamén da forma na que estamos afeitos a escoitar a fala. Articular todo isto de xeito que o resultado sexa aproximado ó real, e non sexa estraño ou desagradable, é tarefa complexa. Así e todo, o éxito actual das comunicacións baseadas na voz aumentou moito o interese dos investigadores en acadaren unha "síntese" de voz o máis natural posible.

Non é un trabalinguas... **epdlp**, son as iniciáis de <El Poder De La Palabra>, unha WEB adicada á prosa poética, na que podemos atopar máis de 2000 fragmentos literarios de 1055 autores, así como música de 440 compositores, obras de 197 pintores e 164 arquitectos... e sen esquecerse da séptima Arte; tamén contempla entre as súas páxinas a biografía e imaxes de 218 directores cinematográficos... ata o de agora... porque www.epdlp.com non deixa de medrar.

Según entramos na páxina, vemos varias opcións, entre elas, as máis doadas de atopar son as obras destacadas da semana... Poñendo por exemplo o día no que o que subscrebe visitou o sitio... podemos observar un cadro de Chagall, ou un edificio de Salvador Valeri, mentres escoitamo-la banda sonora de "Tempos Modernos" de Charles Chaplin, ou a 4º sinfonía de gustav Mahler... anque tamén poderíamos ler un fragmento de Alan Sillitoe, o escritor recomendado desta semana.

Nun percorrido máis minucioso, observamo-la infinidade de sistemas de búsqueda para atopalo que nos compre. Dende un buscador que percorrerá todo o contido de **epdlp**, ata as localizacións pormenorizadas de cada estilo.

Supoñamos que queremos atopar algo de Eric Satie...

Páxinas e páxinas falando deste compositor... Referencias ó conservatorio que leva o seu nome en París... as obras que podemos escoitar dende esta páxina (7 en concreto), as referencias e coincidencias de outros compositores con él...

Definitivamente, un buscador

exhaustivo e efectivo, no que terás que meter peticións ben enrevesadas para que non aparezan resultados.

A outra forma de búsqueda permite atopar máis xenéricamente cada un dos grupos dos que se compón www.epdlp.com que, lembramos, eran literatura, arte, música, arquitectura e cine.

Do A ó Z, por época, por países... en música temos o TOP Clásica, en Arquitectura, os principáis rañaceos, en cinema, films e galardóns...

Coido que xa da para perceber de que vai este sitio, EL PODER DE LA PALABRA.

Outra das cousas que podemos observar na páxina de inicio, son as novidades que **epdlp** foi introducindo no sitio e as noticias vinculadas ó mundo cultural reseñadas en calquera dos diarios WEB que existen na rede.

Unha Axenda na que poderás saber o que acontece na túa cidade ou no lugar ó que decidas ir pasa-lo teu tempo de lecer, un taboleiro no que podes deixar reflexada a impresión que che causou esta visita virtual ó mundo da cultura, e ata xogar a un divertido trivial cultural.

En resumidas contas... dende Alberti ata Zola ou Zorrilla, Bacon, Zurbarán, Albéniz... Isozaki...

Todos están aquí, en <EL PODER DE LA PALABRA> www.epdlp.com

Incluso cando alguén coma John Maxwell Coetzee obtén o Premio Nobel, nesta web atoparemos a súa biografía e obra por raro ou desconecido que poida parecer.


Horas e horas de lectura, de escoita... de cultura a tope... nunha páxina firmada en Barcelona e Nova York.

www.epdlp.com


o poder da palabra

Poñer un pouco de música e disfrutar dunha boa lectura... ou da visión de varias obras de arte... Diso é do que se pretende falar no sitio do que hoxe imos falar: www.epdlp.com





por
Breogán
breogan@teirasa.com

 El pasado 11 de Diciembre, la llamada Via Digital de Telefónica antes de la fusión o lo que es lo mismo, D+ a través de Hispasat, decide cambiar la forma de ataque contra la piratería y actualiza vía satélite todas sus tarjetas dejándolas inutilizadas en minutos, con ello consigue que los piratas dejen de ver, y les inutiliza algunas de sus tarjetas.

Con esta nueva actualización de software en sus tarjetas de acceso condicional, las llamadas "Mosc Rom3" caen estrepitosamente, ya que una parte del código de actualización se sobrescribe sobre un sector de la memoria, donde se guardan los datos de la clave necesaria para poder abrirla y actualizarla, con lo que quedan definitivamente cerradas e inservibles.

Sin embargo no ocurre lo mismo con las "Rom10 y Rom11" que los piratas siguen utilizando sin dificultad, así como las "Mosc Quiero".

Este nuevo ataque enviado se denomina: **Ataque com \$02**

D+ por Hispasat mueve ficha: Cañonazo contra los piratas

: El comando \$02 se utiliza para actualizar las claves de descryptamiento MECM dentro de la CAM. Este tipo de descryptación trabaja conjuntamente con la encriptación del comando estándar \$03: Una vez que se descryptan las palabras de control de un comando \$03 determinado, se les hace un XOR con una cadena de 8 bytes de la clave MECM antes de volverlas a encriptar y enviarlas de regreso al IRD. Una vez que el bloque de texto cifrado se descrypta, se compara el hash obtenido de los 7 primeros bloques de datos descryptados con el hash válido, y éste se almacena en los últimos 8 bytes de datos encriptados. Si el hash válido coincide, los 17 bytes de datos descryptados se usan como datos de descryptación MECM. Esto obliga a las emuladoras, a hacer

unos procesos de cálculo hasta ahora nunca pedidos, e imposibles para los softs actuales, que para seguir emulando, se necesitarían procesadores más rápidos para que respondan en tiempo a las preguntas que les hace el deco y no se cuelguen.

A día de hoy los piratas han solucionado en parte este inconveniente, por una parte optimizan el código de forma que vaya mas rápido e incluso aparecen ya nuevos procesadores que alcanzan las respuestas pedidas, el ya famoso ATMEGA 8515, y en segundo lugar ciertos receptores, entran ya en juego los fabricantes de equipos, responden ya directamente sin ningún tipo de tarjetas a estos comandos \$02, con lo que la pixelación y la congelación de imagen son casi nulas.

Con todo ello, el ataque del Proveedor queda desvirtuado porque una semana después del ataque, los piratas contraatacan y vencen de nuevo al proveedor consiguiendo volver a abrir el sistema.

A la vista de todo esto, el proveedor ha de mover ficha, y en breve tiempo para no caer de nuevo en el ridículo mas espantoso, y empieza ya a probar un nuevo sistema, similar al que introdujo en su día en Canal Satélite Digital con Seca2 y su tarjeta negra. Se espera pues en breve un Nagra2, que en este caso se llamará Aladdin. Estas son las Noticias:

D+ CAMBIA SU SISTEMA DE ENCRYPTADO EN HISPASAT:

Nuevas pruebas de Codificación D+ en Hispasat, Digital+ emite ya en Simulcrypt con los sistemas de codificación Nagravisión y Nagravisión 2 en Hispasat.

La adopción de la nueva encriptación Nagravisión 2 (Aladdin), la misma que utiliza la plataforma alemana Premiere, podría llevarse a cabo en los próximos meses.

La medida tendría el objetivo de combatir la vulnerabilidad del sistema Nagravisión. Para ello y si se siguiera el mismo modelo llevado a cabo en Alemania, los abonados a Digital+ que tienen su antena parabólica orientada hacia el satélite Hispasat, tendrían que recibir una nueva tarjeta decodificadora que sustituiría a la actual. La plataforma portuguesa TV Cabo también está emitiendo desde hace algunas semanas en Simulcrypt por lo que hace suponer que también realizará el cambio de codificación.

La operadora germana Premiere utiliza desde el pasado mes de octubre el sistema de codificación Aladdin, conocido también como Nagravisión 2, después de eliminar la encriptación BetaCrypt, una de las más pirateadas en Europa. Para ello, todos los suscriptores activos de Premiere recibieron las nuevas tarjetas de codificación para Nagravisión.

ABIERTO UN AGUJERO EN LA NEGRA QUE HACE VULNERABLE D+ POR ASTRA:

Seca-2 "La Negra" El buque insignia de Canal Satélite Digital D+ en Astra está abierto.

Los piratas se han adelantado a los movimientos de D+, fruto de las últimas investigaciones, los piratas han conseguido abrir la famosa tarjeta NEGRA, que tanto se alardeaba de su invulnerabilidad, pues bien, el sistema parece consistir en escribirle ciertos datos a la famosa negra, que lo que hacen es cambiarle su identidad para que el proveedor pierda el control sobre ella, y además obligarle a cambiar su original suscripción, para obtener una suscripción a todos los paquetes "full PBM" incluidas taquillas, todo menos el fútbol, aunque este escollo se lo saltan engañando a la negra y haciéndole una compra de eventos simulada, método que ya empleaban con las antiguas de Canal satélite, en las últimas etapas.

Con todo esto concluimos, que hay batalla en dos frentes y con cañones de mucho calibre disparando en ambas direcciones, no es momento como para tomar decisión alguna, mientras el humo de los cañonazos no desaparezca del campo de batalla.

PC Práctico



por
Emiliano
emiliagv@usc.es

COMETA 1.0

Software de protección de menores para controlar as situacións indebidas e o acceso ós contidos de Internet



INTRODUCCIÓN

Hoxe existe unha sinxela e boa forma de controlar e bloquear o acceso dos nenos e dos non tan nenos ós contidos non desexados de Internet (contidos xenófobos, violentos, non adecuados a súa idade, pornográficos, etc.) e que podemos utilizar gratuitamente durante o primeiro mes, rexistrarse se nos parece ben ou seguir utilizándoo de xeito gratuito pero con publicidade. O programa chamase Cometa e serve como filtro do material adulto que circula pola Rede, estando especialmente adaptado ó mercado hispano.

CARACTERÍSTICAS

Cometa funciona como os programas similares do mercado Net Nanny, SurfWatch, Cybersitter, ou Canguro Net de Telefónica, permite ós nenos navegar por Internet dun xeito máis seguro.

1. Bloquea sitios de Chat, sitios Web, e-mails, e ficheiros de texto de Word, Word Pad ou do Bloc de Notas con contido adulto.
2. Filtra as palabras, frases ou direccións Web que se lle indiquen.
3. Rexistra a data e a hora dos filtrados que realizou.
4. Os pais e os responsables fan de administradores, indicando os criterios de filtrado.
5. Funciona con contidos en español e inglés.
6. Para entrar no programa hai que coñecer o contrasinal.




DESCARGA DO PROGRAMA

Descargase desde o sitio <http://www.cometa.com> (onde atoparás unha documentación boa e sinxela) facendo clic na lapela “Descargar”, premendo no *hipervínculo da esquerda* “Descargar Cometa” (en cor marelo), facer clic no botón “Guardar”, seleccionar o cartafol no que desexemos gardar o ficheiro que imos descargar e premer no botón “Guardar”. O ficheiro chámase “Cometa.exe” e ocupa unhas 400 Kb.



INSTALACIÓN DO PROGRAMA

- 1- Sitúate no cartafol no que gardaches o ficheiro e faille dobre clic ó ficheiro “Cometa.exe”.
- 2- Pantalla “Benvida”, preme no botón “Siguiente”.
- 3- Pantalla “Información de copyright”, preme no botón “Siguiente”.
- 4- Elixe o cartafol de destino (acepta por defecto ou elixe outro) e preme no botón “Siguiente”.
- 5- Acepta a pantalla “Creación do cartafol do programa” e a creación das iconas e preme no botón “Siguiente”.
- 6- Pantalla “Comezando a copia de arquivos” e preme no botón “Siguiente”.
- 7- Pantalla de “Progreso da instalación” e preme no botón “Siguiente”.
- 8- Preme no botón “Finalizar” e agarda a que se reinicie o sistema.
- 9- Xorde a pantalla de “Benvida” (para configurar o contrasinal) e preme no botón “Continuar”.
- 10- Escribe dúas veces o contrasinal de acceso ó programa (sen ela, ninguén pode acceder ós criterios de filtrado nin as estatísticas de lugares e buscas rexeitadas e bloqueadas), e preme no botón “Ok”. Este contrasinal pódese cambiar desde o programa premendo no botón “Contrasinal”.
- 11- Amósase unha icona no escritorio e outra na barra de tarefas ó lado do reloxo de



UTILIZANDO O PROGRAMA


- 1- Ó facer clic na icona da barra de tarefas (ó lado do reloxo de Windows) solicítase o contrasinal e unha vez escrito amósase o menú principal do programa.



- 2- O botón “Guardián” xa está activo.
- 3- Escribimos a lista de palabras que desexamos filtrar, para elo prememos no botón “Filtro” e no botón “Agrega un nueva palabra”
- 4- Activando a casinha “Canales de Chat” podemos impedir o acceso a eses lugares.
- 5- Ó buscar en Google algunha palabra erótica amósase a pantalla de protección e tras uns segundos bóttate fora do navegador.



- 6- Situado no menú principal do programa premendo no botón “Historial” xurdirá unha xanela na que veremos os últimos



bloqueos, a hora na que foron feitos e a causa que os motivou (o usuario non pode saber que nós temos acceso a esa información, é como ver o historial negativo).

- 7- Para non permitir o acceso a unha dirección Web determinada prememos no botón “Administración de sitios Web” e prememos no botón central da dereita “Permite o prohíbe un sitio Web” escribimos a dirección Web e prememos no botón “Permite este sitio Web”

ou no botón “Prohíbe este sitio Web” segundo desexes.

- 8- Se o responsable de filtrar co programa xulga pertinente permitir unha busca determinada, por exemplo a palabra “senos” referíndose a “senos nasais” ou ben a “senos en cirurxía quirúrxica” pode facelo desde o menú principal do programa e premendo no botón “Guardián activo” que se converterá en “Guardián inactivo”. O neno/a non podería facelo xa que non coñece o contrasinal que se solicitará previamente.
- 9- A lista de palabras, sitios, historial de accesos denegados, pódese baleirar premendo nos botóns respectivos.
- 10- A desinstalación é típica de Windows.

Prince of Persia: As Areas do Tempo



por **Pablo Grandío Portabales**
Vandal.net


Nun ano no que non saíron moitos xogos de renome, os xogadores tiveron tempo para as sorpresas, para os xogos que sen faceren moito ruído triunfan pola súa grande calidade. *Prince of Persia: As Areas do Tempo* é o mellor exemplo. Considerado un dos mellores xogos de 2003, pouco se sabía de título de Ubi Soft ata que as críticas o puxeron polas nubes e a publicidade televisiva díxonos que unha das sagas máis famosas do videoxogo volvía, ¡e de qué xeito!. *Prince of Persia: As Areas do Tempo* é un xogo de acción/aventura trepidante, moi ben deseñado e con algunhas novidades que o fan diferente a tódolos demais.

O título do xogo débese a unha das características máis destacábeis do seu sistema. Como ben se pode ver na publicidade da televisión, poderemos dar marcha atrás ó tempo en caso de que algo nos saia mal, coma un salto, e tamén poderemos facer que o xogo vaia máis lento (ó estilo do célebre "tempo bala" de Max Payne, collido directamente de Matrix) nos combates, onde os inimigos actuarán con intelixencia para remataren connosco, pero nós teremos moitos golpes e a posibilidade de combinalos de moitos xeitos para impedírllelo.

As Areas do Tempo saíu a finais de novembro para PlayStation 2 e PC, e despois dun período de exclusividade para a consola de Sony saírá tamén para GameCube e Xbox en Europa no mes de febreiro. Ubi Soft buscou ó creador do xogo orixinal e colaborando con el rescatou do esquecemento unha saga para convertela no novo referente dos xogos de aventuras.



Imperivm II: A Conquista de Hispania



Tralo éxito de vendas do primeiro xogo de *Imperivm*, do que vos falamos hai algúns números en Código Cero, FX Interactive trae a España a súa segunda parte, máis relacionada coa Península Ibérica ca nunca. Este xogo de estratexia en tempo real, agora evolucionado a "conquista en tempo real", trata sobre o período no que o Imperio Romano conquistou a Península Ibérica, e danos o *gladius* para dirixilas lexións do Cesar ou a *falcata* para facelas fronte.

Tamén poderemos optar polos elefantes de Cartago e Haníbal, e inda polos galos, que anque foron derrotados na primeira parte aínda están con forzas para loitar.

No xogo desenvolveranse feitos históricos que cambiarán a situación na que nos encontremos, como a marcha de Haníbal sobre Roma a través dos Alpes, a conquista de Gades (Cádiz) ou o sitio de Numancia. Haberá dúas campañas principais: *As Conquistas de Haníbal* e *As Guerras Púnicas*, nas que Roma e Cartago oporanse pola hexemonía no mar Mediterráneo. O xogo inclúe tamén unha intelixencia artificial mellorada, máis habilidades especiais de fantasía como invisibilidade ou rexeneración e multitude obxectos máxicos de cada cultura. Está totalmente traducido e dobrado ó castelán e véndese a 19,95 euros.

novas

Nintendo acaba mellores resultados con GameCube no 2003

Nintendo anunciou a comezos do mes de xaneiro que obtivera na pasada tempada de Nadal moitos mellores resultados que no ano precedente. Nintendo foi a única compañía que vendeu nos Estados Unidos máis consolas có ano anterior, acadando o segundo posto por detrás de Sony e por diante de Microsoft, coa que compite polo segundo posto do podio de vendas desta xeración de consolas. As vendas de GameCube foron un 70% maiores ca o ano pasado, o que permite que Nintendo poida cumprir coa previsión de 6 millóns de consolas distribuídas neste ano fiscal.

PlayStation 2 chega ós 70 millóns de consolas no mundo

Sony anunciou a mediados de xaneiro que a súa consola PlayStation 2, líder de vendas nesta xeración, chegou ós 70 millóns de consolas distribuídas as tendas de todo o mundo, cumprindo co ritmo de 20 millóns por ano que mantén dende 2001. A consola estase a vender 1,6 veces máis rápido cá súa antecesora PlayStation, o que pode significar que se converta axiña na consola máis vendida de tódolos tempos. Dos 70 millóns, 29,26 corresponden a Norteamérica, 16,18 a Xapón e Asia e 24,56 os mercados europeos e do sistema televisivo PAL.

Os creadores de Tomb Raider forman un novo estudio

Adrian Smith e Jeremy Heath-Smith, dous dos creadores de Lara Croft e a saga *Tomb Raider*, saíron pola porta pequena de Eidos hai uns meses debido ós malos resultados acadados pola última aventura da heroína, que recibiu moitas críticas. Agora, anunciaron a fundación dun novo estudio de xogos chamado Circle Studio. Nesta nova empresa xa están traballando en dous proxectos con 35 antigos empregados de Eidos que "captaron" da súa antiga compañía.

PSP custará preto de 300 euros

En recentes entrevistas, Chris Deering, que deixa o posto de presidente de Sony Computer Entertainment Europa para asumir o de Sony Europa, revelou que a agardada portátil de Sony PSP custará máis do que se coudara, entre as 200 e as 300 libras (entre 290 e 430 euros). A razón deste elevado prezo, aparte de que o hardware será adiantadísimo para o seu tempo (e dimensións), é que Sony quere cambia-lo seu modelo de negocio con esta máquina, facendo cartos coa venda da consola e non establecendo uns *royalties* tan elevados, o que fará que os xogos sexan máis baratos.

Posibles lugares para o novo GTA

A nova edición de *Grand Theft Auto* chegará a finais deste ano 2004 a PlayStation 2, e polo momento as maiores especulacións fanse sobre o lugar onde terá lugar esta quinta (ou cuarta, segundo se mire) parte da popular saga. Rockstar Games xa rexistrou varias marcas en América que sinalan os posibles escenarios: Bogotá, Tokio, *Sin City* e *San Andreas*, estas últimas significando Las Vegas e San Francisco. Polo momento non se sabe nada de forma oficial, nin se saberá posiblemente ata dentro duns meses. Permaneced atentos a estas páxinas.

Soluciones para
NEGOCIOS E PROFESIONAIS

"Desde que Internet vai tan rápido xa non rexeito proxectos por falta de tempo."



Solución **ADSL** » Acceso

A BASE PARA MEDRAR EN INTERNET

Desde que este negocio traballa coa Solución ADSL Acceso beneficiase de Internet de alta velocidade con tarifa plana 24 horas, transmisión simultánea de voz e datos, maior capacidade de correo electrónico e un conxunto de funcionalidades avanzadas para facilitar a xestión e desenvolver o seu traballo. A partir de 40 € ao mes (IVE non incluído) vostede tamén poderá facer medrar o seu negocio tan rápido como queira.

Impulsar o seu negocio coa Banda Anpla nunca foi tan doado e accesibel.

telefonicaonline.com/solucionacceso

Telefonica

INFÓRMESE NO 1004, TENDAS TELEFÓNICA OU DISTRIBUIDORES AUTORIZADOS



contratación exclusiva /
a través de internet



CAIXAGALICIA

→ UNA CONEXIÓN MUY RENTABLE

www.caixagalicia.es ←

→
On Depósito Euribor

→ USTED SE MERECE TODO EL INTERÉS

Interés **Variable Euribor a 3 meses***
Importe mínimo: **3.000 Euros**

TAE
2,14%
PLAZO: 12 MESES

CONTRÁTELO ONLINE

*Se entiende por Euribor a 3 meses, el tipo publicado por la Federación Bancaria Europea correspondiente al segundo día hábil anterior al de inicio del trimestre natural. Euribor correspondiente al trimestre natural vigente: 2,126% (Publicado el 30/12/2003). Liquidación de intereses trimestral.

→ NUEVOS TIEMPOS NUEVOS CANALES

Autorizado por D.X.P.F.T.- 2201/2004



902 209 166
www.caixagalicia.es



XACOBEO 2004
Galicia

CAIXAGALICIA